

# **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL**



**Curso 2022 – 2023**

**C.E.I.P. Sta. M<sup>a</sup> Castro**



## ÍNDICE

1.	<a href="#">DATOS XERAIS DO CENTRO</a>	3
2.	<a href="#">OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO</a>	6
3.	<a href="#">MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN:</a> ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN PARA ACADAR OS OBXECTIVOS RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO	9
4.	<a href="#">XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO</a>	14
5.	<a href="#">ORGANOS DE GOBERNO:</a> EQUIPO DIRECTIVO PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO CLAUSTRO CONSELLO ESCOLAR PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE. DATAS PREVISTAS PARA A REALIZACIÓN DAS DISTINTAS AVALIACIÓNS	16
6.	<a href="#">ADSCRIPCIÓN DO PROFESORADO</a>	22
7.	<a href="#">CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA</a>	23
8.	<a href="#">PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA</a>	28
9.	<a href="#">LIBROS DE TEXTO E DEMÁIS MATERIAIS ESTABLECIDOS NO CENTRO</a>	29
10.	<a href="#">CONCRECIÓN ANUAL DO P.E.C.</a>	31
11.	<a href="#">PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES</a>	33
12.	<a href="#">CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</a> ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Ó ALUMNADO NEAE.	34
13.	<a href="#">PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</a>	42
14.	<a href="#">PLAN DE AUTOPROTECCIÓN</a>	49
15.	<a href="#">PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE E HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO</a>	50
16.	<a href="#">PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA</a>	51
17.	<a href="#">PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR</a>	53
18.	<a href="#">PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO</a>	55
19.	<a href="#">PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTO POLA AFA</a>	56
20.	<a href="#">PROGRAMAS/PLANS ANUAIS DE LECTURA</a>	57
21.	<a href="#">PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS</a>	62
22.	<a href="#">ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO</a>	68
23.	<a href="#">PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA</a>	71
24.	<a href="#">MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE E DO AUXILIAR DE CONVERSA</a>	72
25.	<a href="#">PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO</a>	76
<a href="#">ANEXO I: PLAN DE IGUALDADE</a>		

**C.E.I.P. "Sta. Mª DO CASTRO"**Valiño, 55 – 15939 – Cabo de Cruz - Boiro ☎ 881.867.032 Fax: 881.867.036[ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/](mailto:ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/)<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariacastro/>

## **1- DATOS XERAIS DO CENTRO:**

C.E.I.P. Sta Mª DO CASTRO Rúa Valiño, nº 55 15939 Cabo de Cruz – Boiro	
CÓDIGO DO CENTRO	15023341
C.I.F.	Q-6555407-C
TELÉFONO	881.867.032
FAX	881.867.036
E-MAIL	<a href="mailto:ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/">ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/</a>
PÁXINA WEB	<a href="http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariacastro/">http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariacastro/</a>

O CEIP Santa Mª do Castro está situado en Cabo de Cruz, unha parroquia do concello de Boiro, sendo un dos seis Centros educativos de ensino básico que existen neste Concello. É un colexio con 38 anos de historia e cunha traxectoria respecto ao desenvolvemento educativo, moi positiva.

A poboación á que serve este Centro dedícase maioritariamente a labores derivadas do mar: pesca, marisqueo, extracción do mexillón e industrias conserveiras.

En xeral, o nivel de estudos é de Primaria e Secundaria e, o nivel económico é medio-alto.



## ➤ COMPOSICIÓN DO CENTRO E FUNCIONAMENTO

• **Alumnado:** É o pilar máis importante dun colexio, xa que supón o punto de partida e o punto de chegada de toda a actividade educativa. Pártese sempre dos seus intereses e coñecementos previos, para planificar unha actividade educativa que contribúa ó crecemento intelectual, persoal, social... do alumnado, é dicir, ó seu desenvolvemento integral. O noso Centro conta para este curso escolar 2022-2023 con 141 alumnos/as distribuídos da seguinte maneira:

4º Educación Infantil: 16 alumnos/as	}	TOTAL:46 Alumnos/as
5º Educación Infantil: 15 alumnos/as		
6º Educación Infantil: 15 alumnos/as		
1º Educación Primaria: 15 alumnos/as	}	TOTAL: 95 Alumnos/as
2º Educación Primaria: 14 alumnos/as		
3º Educación Primaria: 9 alumnos/as		
4º Educación Primaria: 17 alumnos/as		
5º Educación Primaria: 17 alumnos/as		
6º Educación Primaria: 23 alumnos/as		

• **Claustro:** Integrado por 18 mestres/as (Infantil (3+1), Primaria (5+1), Especialistas (FI +EF + EM + PT + REL + Orientadora+ AL+PROA). A orientadora, a mestra de Relixión e unha mestra de AL as temos compartidas co CEIP de Escarabote, sendo o noso o Centro base da orientadora e da mestra de relixión e o outro o da mestra de AL. Tamén temos unha mestra de AL compartida co IES Félix Muriel que ten como centro base o noso colexio.

- **Consello Escolar:** Formado por todos os compoñentes legais.
- **AFA:** Colaboradora e participativa.



- **Persoal non docente:**

- O conserxe, presente no Centro dende a apertura do mesmo.
- 2 persoas para a limpeza, unha a tempo completo e outra contratada por 2 horas.
- 1 coidadora.

A organización do Centro distribúese en Equipos dinamizadores das diferentes parcelas da vida escolar: de Dinamización Lingüística, de actividades complementarias, de biblioteca e de TICs. Todos os mestres/as do Centro participan nalgún destes equipos, de modo que todos eles queden compensados cun número similar de participantes.



## **2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO:**

En primeiro lugar, dende o equipo directivo, poranse todos os medios para que se poidan cumprir todas e cada unha das necesidades de mellora prantexadas polos distintos equipos e ciclos nas respectivas memorias do fin do curso pasado, así como os rogos e preguntas expostos no último Consello Escolar. Partindo disto perfilamos os primeiros obxectivos para este curso académico:

### *1. Mellorar a coordinación a nivel xeral.*

- Mellorar a coordinación con todo o equipo docente que traballa en cada nivel.
- Mellorar a coordinación entre o Equipo de Biblioteca e as titorías para organizar actividades de animación lectora nalgunha das sesións semanais de cada aula. Posto que este equipo ten moi boas ideas, pode axudar ás titoras a favorecer o gusto pola lectura entre o seu alumnado.

### *2. Desenvolver actividades a nivel de centro para todo o alumnado.*

- Organizar dende principio de curso as actividades que se realizan a nivel de Centro co alumnado de todos os niveis, así como o desenvolvemento do PDI.
- Darlle continuidade ás actividades de identidade do Centro.
- Implementar unha Radio Escolar.

### *3. Promover a biblioteca como motor do colexio.*

- Continuar coas actividades dinamizadoras da biblioteca polo seu carácter formativo, lúdico e motivador para o alumnado.
- Aumentar o uso da biblioteca escolar dende as titorías como lugar de investigación.



- Organizar lecturas obrigatorias desde principio de curso, a poder ser, un libro por trimestre, tanto de galego como de castelán, ou incluso en inglés, co fin de organizar actividades de animación á lectura máis motivadoras (saídas escolares, encontros con autores, obradoiros con ilustradores...)

#### *4. Contribuír á mellora da convivencia no colexio.*

- Sensibilizar a toda a Comunidade Educativa da importancia de manter limpo e respectar a contorna do noso colexio.
- Potenciar un bo clima de convivencia e traballo no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente), favorecendo unha comunicación asertiva.

#### *5. Implicar ás familias no ámbito educativo.*

- Implicar máis ás familias na dinámica de Centro, non só a nivel de festas e conmemoracións; involucralas na tarefa de formación dos alumnos, tanto en contidos curriculares, como en valores, en establecemento e aplicación de normas...
- Ofertar formación TAC ás familias, de xeito que facilite a comunicación co Centro e que repercuta positivamente no desenvolvemento educativo do alumnado.

#### *6. Incidir na atención á diversidade.*

- Ofrecerlle ó alumnado técnicas de estudo dende (polo menos) 3º de EP.
- Apoiar a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio todos aqueles que o precisen, intentando reducir ao máximo o número de profesorado que realiza apoios en cada aula, de cara a facilitar a coordinación e o establecemento de rutinas de traballo.
- Transmitir pautas por escrito dende o Departamento de Orientación ao profesorado cando o alumnado reciba un diagnóstico de NEAE, co fin de que todo o profesorado traballe na mesma dirección.
- Retomar a dinamización dos tempos de recreo, para facer os patios máis inclusivos.



*7. Impulsar o desenvolvemento curricular e a organización a nivel de centro.*

- Desenvolver o Plan de Acción Titorial
- Realizar un seguimento individualizado do IMC en alumnos que superen un 25. O sobrepeso está a pasar sen accións correctas e eficaces (40% e subindo).
- Reforzar e afondar en medidas que favorezan a mellora da lecto-escritura, o cálculo e a expresión oral.
- Actualizar os Documentos do Centro.
- Promover a Innovación Educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TACS e fomentar o uso destas ferramentas; e mellorar o funcionamento dos equipos, así como o seu uso.
- Mellorar a dotación de material e equipamentos do Centro, así como o coidado e bo funcionamento dos espazos comúns (biblioteca, aula de informática, aula de audiovisuais, comedor, laboratorio, aula de plástica e teatro de infantil)
- Atender ás necesidades do Centro e mellorar as deficiencias que presentan algunhas instalacións.
- Facilitar e potenciar a formación do profesorado en temas relacionados coa saúde emocional do alumnado, as condutas disruptivas na aula e a resolución de conflitos; así como na maneira de enfocar a nosa labor pedagóxica en alumnado con TEA, TDAH, Dislexia... xa que temos unha elevada incidencia no noso colexio.
- Desenvolver as 3 liñas do PFPP: Matemáticas OAOA, Plan Dixital e Biblioteca.
- Desenvolver os Proxectos dos Contratos Programa: CP-INCLÚE (Iguala-T, Inclúe-T, Emoción-T e Convive-T), CO-INNOVA (EDUsaúde, EDUsostibilidade, EDUinnova, EDUcalidade e EDUexcelencia) e PROA+.

*8. Manter as comunicacións con outras institucións.*

- Apoiar e dinamizar o funcionamento da AFA (Asociación de Familias de Alumnado).
- Establecer canles comunicativos entre a Comunidade Educativa e a Administración (Concello, Consellería).





### **3- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN:**

- Para mellorar a coordinación de todo o equipo docente que traballa en cada nivel estableceremos reunións mensuais con todos os profesionais que interveñen en cada grupo, co fin de valorar máis minuciosamente o desenvolvemento de cada alumno/a, a efectividade dos apoios e/ou desdobres, organización de actividades comúns, etc. Para levar a cabo estas coordinacións establecemos catro grupos: un respectando o ciclo de Infantil, outro co profesorado que intervén en 1º e 2º de Educación Primaria, outro cos de 3º e 4º e outro co profesorado que intervén en 5º e 6º . Cada grupo ten asignada unha sesión ó mes para realizar estas coordinacións.

Nos primeiros días de setembro realizaranse reunión dos diferentes Equipos de Nivel co Departamento de Orientación para que todo o profesorado sexa coñecedor das características do alumnado de cada grupo.

Así mesmo establecéronse quendas de coordinación entre profesorado que traballa conxuntamente e que terán lugar na franxa horaria na que o alumnado está na Hora de Ler.

- Co fin de organizar dende principio de curso as actividades que se realizan a nivel de Centro co alumnado de todos os niveis estableceremos unha reunión dende cada Equipo Dinamizador (Biblioteca, Extraescolar, Dinamización Lingüística e Tics) nos primeiros días do mes de setembro para elaborar un calendario de actividades, intentando revisar a cantidade e adecuación ós contidos dos diferentes niveis destas actividades.
- En canto as actividades identitarias do Centro, ademais da calidade das propostas que poñamos sobre a mesa para o presente curso, teremos en conta a cantidade das mesmas. É unha apreciación xeneralizada que, ás veces, non se pode profundar o suficiente nos proxectos emprendidos debido á cantidade de actividades nas que nos vemos inmersos. Este ano, ó igual que o anterior, vímonos obrigados a suprimir as actividades nas que interactuaban distintos niveis, e aumentando o uso das TIC para o seu desenvolvemento.
- O Equipo de Biblioteca, en colaboración con todo o profesorado do colexio, dinamizará este espazo e organizará actividades para potenciar o uso da mesma como lugar de ocio e de investigación. Establecerase un horario para que todos os niveis dispoñan de 2 sesións



na biblioteca, unha para lectura e outra para investigación. Compartiranse coas titorías un dossier con recomendacións lectoras e con bibliografía relacionada coa PDI.

- Solicitaremos formación para o profesorado para poñer en marcha unha radio escolar. Mercaremos os materiais precisos para implementala no presente curso escolar.
- Co fin de mellorar no exercicio das nosas funcións e facilitar que o alumnado acade as competencias básicas, daremoslle prioridade aos seguintes ámbitos coa realización de actividades específicas dentro de toda as áreas:

-Expresión e comprensión oral: Dedicar un tempo semanal para a expresión oral a través de faladoiro literarias, debates, exposicións orais... Na área de inglés farase máis fincapé nas actividades de expresión oral coa presenza da auxiliar de conversa, co fin de aproveitar ó máximo este recurso.

-Educación emocional: Axudando ó alumnado a coñecer as diferentes emocións neles mesmos e nos demais, e avanzar progresivamente na súa xestión.

-Lectura , escritura e ampliación do vocabulario: Crear un momento semanal para a lectura en grupo, lúdica, que permita o intercambio posterior de información sobre o lido, que esperte no alumnado o gusto pola lectura como fonte de pracer.

-Atención: Con actividades concretas que melloren este ámbito.

-Expresión escrita, en diferentes formatos e con diferentes fins.

-Razoamento e cálculo. Apostarase polo ensino das matemáticas dende unha perspectiva máis significativa para o alumnado, máis lúdicas e manipulativas.

-Expresión plástica e musical. Continuar coa presenza musical en diferentes momentos: creacións literarias, obras de teatro, conmemoracións, gradacións...

- Para sensibilizar a toda a Comunidade Educativa sobre a importancia de manter limpa e coidada a contorna do colexio repasaranse co alumnado e as familias as normas de uso e goce dos espazos exteriores. Dende as titorías traballarase os hortos dende inicio de curso, co fin de sacarlle o máximo aproveitamento posible a este recurso e de mellorar a estética do colexio.



- Tratarase de elaborar programación didáctica realizables, que incidan nas carencias que vimos atopando no alumnado e que posibiliten a consecución das competencias básicas. Teranse en conta as necesidades do alumnado, así como as propostas de mellora contempladas nas memorias respectivas do curso pasado.
- Revisaranse o Plan de Acción Tutorial, concretando as accións que interesa levar a cabo.
- Intentarase dotar todas as aulas dos recursos máis axeitados para poder aplicar os coñecementos adquiridos na formación realizada. Tamén se traballará para o respecto do material e o cumprimento das normas das aulas de uso común.
- Coma todos os anos, manterase estreito contacto coas familias, co fin de atraelos para que participen e colaboren co profesorado na formación dos seus fillos/as.
- Programaranse xornadas de formación dixital para o profesorado, dirixidas fundamentalmente ó coñecemento e manexo da Aula Virtual, así como para aquelas familias que o demanden.
- Continuarase intentando loitar por mellorar as infraestruturas do Centro no que atinxe ao mantemento das instalacións existentes. Este curso a partida presupostaria do Centro destinada a mellorar as instalacións se centrará na mellora do comedor, da biblioteca, da aula de Plástica e do laboratorio.
- Adaptarase a metodoloxía de traballo ás necesidades do alumnado, atendendo aos criterios de atención á diversidade.

Adoptaranse as medidas precisas – apoios, desdobres...- para facilitar a atención a todo o alumnado, sobre todo en determinados niveis caracterizados, ben por ser numerosos, ben por contar con alumnado moi diferenciado en canto ás súas necesidades. Así pois, para este curso escolar, contéplanse desdobres en 5º EP e 6º EP, nas áreas de Lingua Castelá, Matemáticas, Francés e Inglés. Tamén se estableceron apoios en aula en todos os niveis. Estes apoios avaliaranse periodicamente para comprobar a súa efectividade, e valorarase a necesidade ou non de establecer apoios novos. Esperamos contar tamén cunha persoa procedente do Programa PROA+, que apoiará ao alumnado de 3º a 6º de primaria.

- Para fomentar a formación do profesorado, establécese unha sesión mensual dentro do horario de permanencia no centro do profesorado para a formación. Este curso escolar temos un PFPP con tres liñas: unha para a elaboración do Plan Dixital do Centro, outra



sobre matemáticas OAOA e unha terceira sobre Biblioteca. Ademais promoverase a formación en temas como o TDAH, emocións, TEA, etc.

➤ **ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN PARA ACADAR OS OBXECTIVOS ACADÉMICOS SON:**

- Talleres de expresión oral, na etapa de Educ. Infantil; a través da lectura de contos, xogos, actividades de creación de historias, de relación de vocabulario, etc,
- Taller de emocións en Educación Infantil, no que se lle axuda ó alumnado a identificar as emocións neles mesmos e nos demais e a iniciarse no control e manexo das mesmas.
- Actividades de atención e razoamento en todos os niveis; tanto a través da resolución de problemas matemáticos de forma específica nesta área, como de problemas da vida cotiá a través da expresión oral, e sempre dun xeito transversal dende todas as áreas.
- Lecturas voluntarias e obrigatorias, na escola e na casa.
- Aplicación do método Doman para a aprendizaxe da lecto-escritura, en Educ. Infantil.
- Aplicación dos Bits Ortográficos, en Primaria: É unha actividade baseada no método de traballo Doman, pero aplicado ás regras ortográficas de escritura. (O material deste método foi elaborado polo profesorado do noso Centro a partir dun grupo de traballo).
- Realización de actividades relacionadas co “supermercado” en todos os niveis. O supermercado tamén foi elaborado por profesorado deste Centro. É un aula acondicionada con todo o necesario (alimentos, cestos da compra, diñeiro, máquina rexistradora...) que lle permite ó alumnado traballar conceptos lóxico-matemáticos, vocabulario, relacións sociais, e outros múltiples aspectos.
- Aplicación das TACs, en todos os niveis de infantil e primaria. Nos cursos de primaria dedican 1 hora de Lingua Castelá ó desenvolvemento da competencia dixital.
- Desenvolvemento do programa Plurilingüe e seccións bilingües impartindo a plástica en inglés en todos os niveis de primaria.
- Formación dixital para o profesorado a principios de curso, impartida por dous compañeiros. Formación do profesorado en outras temáticas: Matemáticas OAOA, Biblioteca...



-Deseño dende o Departamento de Orientación de pautas para desenvolver técnicas de estudo co alumnado dende 3º EP.

-Dende a biblioteca organizaranse actividades de animación lectora: contacontos, clubs de lectura, xincanas literarias...

➤ **RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO:**

Humanos:

- Profesorado de Centro: Organización de equipos de traballo e disposición horaria para programar as actividades conducentes a eses obxectivos.
- As familias, que sempre se implican dunha maneira activa no desenvolvemento de moitas actividades, na elaboración e aportación de materiais, etc.
- A AFA do colexio, que participa e dinamiza moitas actividades.
- O Conserxe, que sempre está disposto a botar unha man na realización de múltiples actividades.
- Colaboración con cantas persoas e/ou organismos estean dispostos a contribuír a mellorar a calidade educativa.

Materiais:

- O presuposto xeral do Centro, o obtido a través dos proxectos presentados para os Contratos Programa e as posibles axudas do Concello e da AFA.



## 4- **XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO:**

Este ano seguimos coa xornada continua en horario de 9:35 a 14:35.

Seguindo o establecido na Orde do 23 de Xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral dos centros (DOG 30-6-2011), o profesorado completará unha xornada semanal de 37 h. 30 m. das cales 30 horas corresponderán a actividades no centro con presenza no mesmo, e delas, 25 terán carácter lectivo, incluíndo as gardas de clase, gardas de recreos e as vixilancias de entrada e saída do alumnado transportado.

### ➤ **QUENDAS DE VIXILANCIAS DE RECREOS E GARDAS:**

#### GARDAS DE ENTRADA:

- 1 mestre/a na porta de acceso ó Centro.
- 1 mestre/a na porta dianteira do edificio principal.
- 1 mestre/a na porta de Infantil.

#### GARDAS DE SAÍDA:

- 1 mestre/a na porta traseira de Primaria.
- 2 mestres/as na porta de acceso ó Centro.

#### GARDAS DE RECREO:

- 2 mestres/as no patio de infantil.
- 2 mestres/as no patio de primaria.
- 2 mestres/as na biblioteca.
- 1 mestre/a na ludoteca.



O profesorado permanece no Centro realizando as seguintes tarefas ó longo da semana (TOTAL 5H. NON LECTIVAS + 1H. GARDA TRANSPORTE-LECTIVA-):

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:20-9:35	GARDAS TRANSPORTE				
14:35-14:50	GARDAS TRANSPORTE				
16:00-17:00	REUNIÓN PROFESORADO	GARDAS BIBLIOTECA			
17:00-18:00					
18:00-19:00	ATENC. FAMILIAS				

Este horario ademais complétase ó longo do curso nestas tarefas:

- Ambientación do centro, mantemento e actualización de blogs, páxina web e redes sociais.
- Reunións de órganos colexiados.
- Reunións de avaliación.
- Proxectos de Centro.
- Actividades Extraescolares.
- Formación do Profesorado.



## 5- ÓRGANOS DE GOBERNO:

### ➤ EQUIPO DIRECTIVO:

O Equipo directivo está nomeado durante 4 anos. Este curso é o cuarto da segunda lexislatura, estando constituído polos seguintes membros:

LUCÍA ABAD SÁNCHEZ (Directora)

ANA MARÍA PLACES VITURRO (Xefa de estudos)

Mª REYES FERNÁNDEZ NEIRA (Secretaria)

➤ PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO: Os obxectivos deste Equipo Directivo van encamiñados a conseguir un bo funcionamento do Centro en todos os ámbitos, sendo prioritarios os seguintes:

- Cumprir, respectar, facer cumprir e respectar a lexislación vixente.
- Fomentar un clima grato e estimulante, que facilite o traballo, o entendemento entre toda a comunidade educativa e a boa marcha xeral do Centro.
- Coordinar as tarefas dos distintos equipos.
- Optimizar o rendemento dos recursos materiais e persoais.
- Dinamizar os órganos de goberno e a coordinación docente promovendo a participación de todos os colectivos da comunidade escolar.
- Diseñar estratexias e plans de actuación que procuren unha ampla formación dos alumnos/as que senten bases firmes na súa educación integral.
- Promover e potenciar as boas relacións con toda a comunidade educativa, con todas as institucións e colectivos relacionados co Centro.
- Seguir actualizando o Centro no relativo ás TACS, os proxectos de innovación, a mellora das instalacións, os medios e as metodoloxías de traballo.





- Fomentar e promover a formación do profesorado.
- Conseguir un clima de respecto e valoración do profesorado e da súa labor educativa.

Na estrutura do Centro terán sempre unha importancia fundamental a coordinación, referida aos diferentes equipos docentes, os equipos de traballo, ás comisións, ós órganos de goberno e a todos os grupos que compoñen a comunidade educativa.

A coordinación desde a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Así mesmo, os proxectos que se leven a cabo integrarán a toda a comunidade educativa. Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

#### ➤ **HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO:**

O equipo directivo atenderá as demandas das familias preferiblemente no seguinte horario:

<b>EQUIPO DIRECTIVO</b>					
	<b>Lu</b>	<b>Ma</b>	<b>Me</b>	<b>Xo</b>	<b>Ve</b>
<b>9:35-10:25</b>	Dirección		Xef.Estudos	Dirección	
<b>10:25-11:15</b>		Secretaría		Xef.Estudos Secretaría	
<b>11:15-12:02</b>	Secretaría	Xef.Estudos	Secretaría		
<b>12:05-12:55</b>					
<b>12:55-13:45</b>		Dirección			Dirección Xef.Estudos Secretaría
<b>13:45-14:35</b>	Dirección Xef.Estudos	Dirección	Dirección		

No caso de que algunha persoa non poda nas horas preestablecidas utilizaranse as horas de atención ás familias os luns de 18:00 a 19:00



➤ **CLAUSTRO:**

O Claustro de Profesores/as será un órgano fundamental na vida escolar do Centro, será informado axeitadamente dos proxectos e actividades realizadas e participará moi activamente no debate e nas decisións que afecten á organización e á marcha do centro. Os seus membros están recollidos no DOC.

➤ **CONSELLO ESCOLAR:** Estamos pendentes da renovación parcial. Está formado polos seguintes membros:

<b>DIRECTORA - PRESIDENTA</b>	LUCÍA ABAD SÁNCHEZ	
<b>XEFA DE ESTUDOS</b>	ANA MARÍA PLACES VITURRO	
<b>SECRETARIA</b>	Mª REYES FERNÁNDEZ NEIRA	
<b>REPRESENTANTES DO PROFESORADO:</b>	Mª REYES RODRÍGUEZ TORRES	2021-2023
	URKO UNZUETA FERNÁNDEZ	2018-2022
	ALBA LEÓN MARTÍNEZ	2018-2022
	FCO. JAVIER MÍGUEZ MATO	2018-2022
	VIOLETA LADO MARTÍNEZ (Suplente)	
	BELÉN TORRE CASTRO (Suplente)	
	LAURA GUITIÁN CASTROMIL (Suplente)	
<b>REPRESENTANTE PERSOAL NON DOCENTE:</b>	JOAQUÍN FERNÁNDEZ TOUCEDO	2016-2018
	JOSEFA RIVADULLA GONZÁLEZ (Suplente)	
<b>REPRESENTANTES NAIS/PAIS:</b>	Mª AURORA PÉREZ DE LA CRUZ	2021-2024
	AGUSTÍN RIVAS RÍO	2021-2024



	JOSÉ MARIO VIDAL GÓMEZ	2018-2022
	PABLO CHOUZA LÓPEZ	2018-2022
	ANTONIO Mª MUÑO MONTERO (Representante da AFA)	2021-2022
	REBECA OZORES NINE (Suplente)	2021-2024
	VERÓNICA HERBÓN TRIÑANES (Suplente)	2018-2022
	EVA VAL DEL RÍO (Suplente)	2021-2024
<b>REPRESENTANTE DO CONCELLO:</b>	RAQUEL SUÁREZ REGADES	2021-2022

➤ **PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS:**

Axustarase ó recollido no NOF do Centro.

➤ **PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

• **Equipo directivo:**

Ten contemplada no horario unha hora semanal na que se reúnen todos os seus membros e tres sesións nas que coinciden alternativamente dúas persoas do equipo. Ademais destas horas os 3 membros do Equipo reuniranse unha vez ó mes os luns á tarde, e sempre que fora necesario no horario do recreo do alumnado (12:05-12:35).

Os asuntos a tratar concirnen á organización do Centro.

• **Claustro de Profesores/as**

Planificará, coordinará e decidirá sobre os aspectos docentes. No Claustro infórmase e ponse en común todo o que afecte á vida escolar. Reunirase unha vez ao mes e sempre que as necesidades do centro así o demanden.



• **Consello Escolar**

Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar, reunirase sempre que o Centro así o precise e, como mínimo, unha vez por trimestre.

➤ **PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN S DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

Tal e como figura no cadro de sesións non lectivas do profesorado da páxina 13, as reunións realizaranse os luns de 16:00 a 18:00 h. coa seguinte organización:

**CALENDARIO REUNIÓN S 2022 - 2023**

	16:00	17:00
	EQUIPOS DINAMIZADORES	CLAUSTRO
	CICLOS PRIMARIA	
	REUNIÓN XERAL	PFPP
	INFANTIL	D.O.
	AVALIACIÓN S	
	FESTIVOS E VACACIÓN S	

SEPTIEMBRE

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

OCTUBRE

L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVIEMBRE

L	M	M	J	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

DICIEMBRE

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

ENERO

L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

FEBRERO

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28				

MARZO

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

ABRIL

L	M	M	J	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAYO

L	M	M	J	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

JUNIO

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



**C.E.I.P. "Sta. Mª DO CASTRO"**

Valiño, 55 – 15939 – Cabo de Cruz - Boiro ☎ 881.867.032 Fax: 881.867.036

[ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/](mailto:ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/)

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariacastro/>

**DATAS PREVISTAS PARA REALIZAR AS DISTINTAS AVALIACIÓNS:**

	<b>INFANTIL - 1º - 2º</b>	<b>3º - 4º – 5º – 6º</b>	<b>ENTREGA NOTAS</b>
<b>1º TRIM.</b>	12 DEC.	20 DEC.	21 DEC.
<b>2º TRIM.</b>	21 MAR.	27 MAR.	31 MAR.
<b>3º TRIM.</b>	13 XUÑ.	19 XUÑ.	21 XUÑ.

(\*) PODE SER QUE, POR CAUSA MOTIVADA, SEXA NECESARIO CAMBIAR ALGUNHA DATA.



## 6- ADSCRIPCIÓN DO PROFESORADO:

4º EDUC. INFANTIL	LIDIA VIDAL LUSTRES
5º EDUC. INFANTIL	ANA MARÍA PLACES VITURRO
6º EDUC. INFANTIL	Mª LUISA SEGADE TARRÍO
APOIO INFANTIL	LUCÍA ABAD SÁNCHEZ
1º EDUC. PRIMARIA	Mª REYES FERNÁNDEZ NEIRA
2º EDUC. PRIMARIA	ALBA LEÓN MARTÍNEZ
3º EDUC. PRIMARIA	SANDRA DA SILVA SÁNCHEZ
4º EDUC. PRIMARIA	BELÉN TORRE CASTRO
5º EDUC. PRIMARIA	Mª DOLORES REY BELLO
6º EDUC. PRIMARIA	LAURA PÉREZ PIÑEIRO
EDUCACIÓN FÍSICA	URKO UNZUETA FERNÁNDEZ
LINGUA ESTRANXEIRA	VIOLETA LADO MARTÍNEZ
RELIXIÓN	MARTA SUÁREZ REBOIRAS
MÚSICA	JAVIER VIDAL COIRA
PEDAGOXÍA TERAPEUTICA	FRANCISCO JAVIER MÍGUEZ MATO
AUDICIÓN E LINGUAXE	NOEMI GARCÍA LÓPEZ SINAÍ SOMOZA FERREIRO
ORIENTACIÓN	LAURA GUITIÁN CASTROMIL
AUXILIAR CONVERSA	TAMARA KISS
PROFESORADO PROA+	LAURA CORTÉS CAMBESES



## **7- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA:**

### **➤ EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN INFANTIL:**

Lucía Abad Sánchez

Ana María Places Viturro

Luísa Segade Tarrío

Coordinadora: Lidia Vidal Lustres

### **➤ EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN PRIMARIA 1º - 2º:**

Alba León Martínez

Javier Vidal Coira

Urko Unzueta Fernández

Marta Suárez Reboiras

Violeta Lado Martínez

Fco. Javier Míguez Mato

Noemi García López

Laura Guitián Castromil

Coordinadora: M<sup>a</sup> Reyes Fernández Neira



➤ **EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN PRIMARIA 3º - 4º:**

Mª Belén Torre Castro

Javier Vidal Coira

Urko Unzueta Fernández

Marta Suárez Reboiras

Violeta Lado Martínez

Fco. Javier Míguez Mato

Noemi García López

Laura Guitián Castromil

Coordinadora: Sandra da Silva Sánchez

➤ **EQUIPO DOCENTE DE EDUCACIÓN PRIMARIA 5º - 6º:**

Dolores Rey Bello

Urko Unzueta Fernández

Marta Suárez Reboiras

Violeta Lado Martínez

Javier Vidal Coira

Fco. Javier Míguez Mato





Noemi García López

Laura Guitián Castromil

Laura Cortés Cambeses

Coordinador: Laura Pérez Piñeiro

➤ **DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:**

Mª Belén Torre Castro

Mª Luísa Segade Tarrío

Laura Guitián Castromil

Noemi García López

Coordinadora: Dolores Rey Bello

➤ **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS:**

Reyes Fernández Neira

Coordinadora: Alba León Martínez

➤ **BIBLIOTECA:**

Ana Mª Places Viturro

Violeta Lado Martínez



Laura Pérez Piñeiro

Lidia Vidal Lustres

Sandra da Silva Sánchez

Marta Suárez Reboiras

Laura Cortés Cambeses

Coordinador: Lucía Abad Sánchez

➤ **EQUIPO TICS:**

Urko Unzueta Fernández

Fco. Javier Míguez Mato

Coordinador: Javier Vidal Coira

➤ **COORDINADOR E-DIXGAL:**

Fco. Javier Míguez Mato

➤ **COMISIÓN DE CONVIVENCIA:**

Constituída polos mesmos membros do Consello Escolar.



➤ **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

Laura Guitián Castromil ( Orientadora)

Lidia Vidal Lustres (Coord. Infantil)

Mª Reyes Fernández Neira (Coord. Eq. Docente primaria 1º-2º)

Sandra da Silva Sánchez (Coord. Eq. Docente primaria 3º-4º)

Laura Pérez Piñeiro (Coord. Eq. Docente primaria 5º-6º)

Francisco Javier Míguez Mato (P.T.)

Noemi García López (A.L.)

➤ **SECCIÓNS BILINGÜES:**

Sandra da Silva Sánchez

Coordinadora: Violeta Lado Martínez

➤ **DEPORTE ESCOLAR:**

Javier Vidal Coira

Coordinador: Urko Unzueta Fernández



## **8- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA:**

O presente curso escolar temos solicitado, dentro do **Plan de Formación do Profesorado**, tres Liñas:

1. **Desenvolvemento do Plan Dixital do Centro:** Esta liña ven imposta pola Consellería, enmarcada dentro do Plan de Mellora Dixital dos centros de ensino de Galicia. O obxectivo principal é desenvolver o Plan Dixital do noso colexio. Os encargados de desenvolver este traballo seremos 3 mestres/as.
2. **Biblioteca:** Coa nosa inclusión no PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares), temos a obriga de realizar un Plan de Formación no centro nesta liña, que versará sobre a catalogación dos recursos, a xestión do espazo e a dinamización lectora. Nesta formación participamos 8 mestres/as.
3. **Matemáticas OAOA.** Con esta liña pretendemos dar resposta á necesidade de mellorar a competencia do alumnado neste ámbito. Participamos nesta formación 14 mestres/as.

O obxectivo é aumentar os coñecementos do profesorado nestes ámbitos para seguir enriquecendo a nosa labor docente e contribuír así á formación integral do alumnado.

Por outra banda estámonos formando nas Ferramentas Dixitais a través de docencia interna, sendo os responsables da mesma dous docentes do noso colexio.

Dentro do Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e nos seus contornos para o curso 2022/2023, solicitaríamos unha charla formativa para o alumnado, profesorado e as familias sobre o "Acoso Escolar"

Individualmente, téñense solicitado diferentes cursos de formación ofertados polo CAFI ou por outras entidades.



## **9- LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS ESTABLECIDOS NO CENTRO:**

<b>Relación de libros de texto para o curso 2022/2023 - PRIMARIA</b>		
Código de centro: 15023341	Denominación do centro: CEIP Santa María do Castro	
Enderezo: Valiño, 55 – Cabo de Cruz	Concello: Boiro	Provincia: A Coruña
Correo electrónico: ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es	Teléfono:881867032	Fax:881867036

Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua da edición
1º Prim	Inglés	OPEN UP 1 CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK PACK. Cheryl Palin, Hawys Morgan	978-01-940-7151-2	Ingl.
1º Prim	Matemáticas	Matemáticas OAOA 1º. Marcos Marrero Cárdenas. Ediciones Lifer	978-84-09-31725-7	Cast.
1º Prim	L. Castellana	Lengua.Primeros pasos. Pauta construyendo mundos. 2022. Teresa Grence Ruíz.	978-84-680-7160-2	Cast
1º Prim	Lingua Galega	Lectoescritura. Construíndo mundos. 2022. Santillana. Teresa Grence Ruíz Lengua. Construíndo mundos. 2022. Santillana.Teresa Grence Ruíz	978-84-9185-399-2 978-84-9185-532-3	Gal.
2º Prim.	Inglés	AMAZING ROOFTOPS 2. CLASS BOOK	978-01-941-6741-3	Ingl.
2º Prim.	Matemáticas	Matemáticas OAOA 2º. Marcos Marreno Cárdenas. Ediciones Lifer	978-84-09-41174-0	Cast.
3º Prim	L. Galega	Lingua . Construíndo Mundos. Santillana . 2022. Teresa Grence Ruiz.	978-84-9185-409-8	Gal.

**C.E.I.P. "Sta. Mª DO CASTRO"**

Valiño, 55 – 15939 – Cabo de Cruz - Boiro

☎ 881.867.032 Fax: 881.867.036

[ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/](mailto:ceip.santamaria.castro@edu.xunta.es/)<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantamariacastro/>

3º Prim	L. Castellana	Lengua - Construyendo Mundos. Mochila ligera. Santillana. 2022. Teresa Grence Ruiz.	978-84-680-7201-2	Cast.
3º Prim	Inglés	OPEN UP 3 CLASS BOOK WITH DIGITAL BOOK	978-01-94072618	Ingl.
4º Prim	L. Castellana	Lengua 4- Aprender es crecer- Carmen Vello Crespo,...Anaya 2015	978-84-698-0650-0	Cast.
4º Prim	L. Galega	Lingua 4 - Aprender é crecer-Xosé Sánchez Puga,...- Anaya - 2015	978-84-678-8013-7	Gal.
4º Prim	Matemáticas	Matemáticas 4 –Saber hacer–Teresa Grence Ruíz.- Santillana - 2015	978-84-8305-609-7	Cast
4º Prim	Ciencias Naturais	Ciencias da Natureza 4- Aprender é crecer-Teresa Mesegar-Anaya 2015	978-84-678-8017-5	Gal.
4º Prim	Inglés	"ROOFTOPS 4 CB"- SUZZANNE TORRES, PAUL SHIPTON - OXFORD	978-01-945-0351-8	Ingl.
4º Prim	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais 4 –Saber hacer- Teresa Grence,...- Santillana -2015	978-84-9972-714-1	Gal.

Ademais destes libros de texto, dende cada titoría solicítouse ó alumnado o material funxible que cada titor considerou preciso para levar a cabo a práctica educativa.



## 10- CONCRECIÓN ANUAL DO P.E.:

O noso P.E. foi revisado e aprobado o pasado curso escolar 2020-2021. As principais modificacións veñen dadas polo cambio no Equipo Docente (traslado dalgúns mestres/as), que xa se recollen neste documento nos puntos 5, 6 e 7. Ademais do establecido nestes puntos, concretar que para o presente curso escolar temos unha mestra de AL con centro base no noso Centro e, por tanto, contaremos con esta especialista os 5 días da semana.

Ó comezo do curso académico cada Equipo de Nivel establecerá as medidas necesarias para poñer en práctica o Proxecto Educativo nese nivel durante o curso escolar, tendo en conta as propostas de mellora recollidas na Memoria Anual do curso anterior. Entre esas medidas atópase a elaboración das programacións didácticas de nivel, que permiten adaptar os contidos do Proxecto Educativo ó grupo de alumnos/as atendendo ás características e necesidades dos mesmos, e que deberán presentarse ó Equipo Directivo durante o mes de setembro.

Cada mestre/a concretará estas programacións de nivel nas programacións de aula, especificando e estruturando temporalmente a práctica diaria na aula. Estas programacións de aula quedarán en poder dos respectivos mestres/as para ser usadas no desenvolvemento da práctica educativa diaria, podendo ser reclamadas en calquera momento para verificar a súa coherencia co P.E. e coas Programacións de Nivel.

Do mesmo xeito, e atendendo ás mencionadas características do alumnado cada Equipo de Nivel propoñerá aqueles cambios que consideren necesarios no P.E., de xeito que permita unha mellor consecución dos obxectivos.

Durante todo o curso realizarase unha revisión constante das programacións mencionadas anteriormente segundo as necesidades e evolución do alumnado, para unha mellor consecución dos obxectivos nelas introducidos.

O presente curso escolar estamos desenvolvendo varios Proxectos a nivel de Centro:

- Proxecto E-DIXGAL: Dirixido ó alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.



- CP-Inclúe: Dentro deste temos solicitadas as seguintes liñas: Iguala-T, Inclúe-T, Convive-T i Emociona-T.
- CP-Innova: Dentro deste temos solicitadas 5 liñas: EduSaude, EDUsostibilidades; EDUinnova; EDUexcelencia i EDUcalidade.
- PROA+: Contamos cunha mestra especialista en PT que atenderá ao alumnado de 5º e 6º.
- Plan Director para a Convivencia e a Mellora Educativa: Charla sobre Acoso Escolar.
- Plan Dixital: Continuaremos coa implementación do Plan Dixital.





## **11- PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES:**

Tal e como figura no NOFC, no punto 1.7 TRABALLOS EXTRAESCOLARES DO ALUMNADO:

*“Con carácter xeral, os centros evitarán que o alumnado se vexa obrigado a realizar traballos suplementarios fóra da xornada escolar. En casos excepcionais, e con carácter transitorio, o profesorado poderá propoñer a realización de actividades incluídas no currículo a aquel alumnado que, por ausencia prolongada ou por outras razóns, non sexan capaces de seguir o ritmo de traballo do alumnado da súa clase.*

*Os traballos que se lle propoñan ó alumnado dirixiranse ó mellor aproveitamento educativo do tempo libre e ó desenvolvemento da súa creatividade e sociabilidade. Serán acordados coas características específicas de cada alumno/a e respectarán, en todo caso, as súas necesidades lúdicas, de convivencia familiar e de descanso.*

*Non obstante poderáselles encargar ó alumnado a realización de actividades tales como:*

- *Lectura e comentarios de libros axeitados á súa idade.*
- *Busca e recollida de datos ou materiais para a realización de traballos na aula.*
- *Lectura de noticias de prensa e audición de programas de radio ou televisión.*
- *Preparación de traballos para o xornal escolar.*
- *Audicións musicais.*
- *Realización de traballos de plástica.”*



## **12- CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **1. INTRODUCCIÓN**

Se hai algo que comeza a tomar verdadeiro corpo no mundo da educación é o convencemento de que nas aulas non existe un alumno/a tipo, nin hai que planificar e explicar para a media da clase. Cada vez vai estando máis claro que cada alumno ou alumna é diferente e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de poñer en marcha o complexo proceso de ensino-aprendizaxe.

Cada vez somos máis conscientes da enorme importancia da atención á diversidade entendida como a adaptación do proceso de ensino-aprendizaxe ás características individuais do alumnado, así coma ás diferentes situacións (emocionais, curriculares, familiares...) das que parte cada unha e cada un.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado; non só para aquel con necesidades educativas especiais, senón que debe establecer criterios para os apoios, incidir na adscrición dos titores/as e debe ter en consideración o ámbito da dotación.

Para acadar esta adaptación pedagóxica é imprescindible a coordinación e colaboración entre os axentes implicados, dentro e fóra da escola (familias, alumnado, mestres e mestras, D.O., axentes externos...)

### **2. OBXECTIVOS**

1. Axudar no proceso de desenvolvemento persoal do alumnado, dando especial importancia aos aspectos emocionais, sociais, familiares que resultan prioritarios na situación excepcional na que nos atopamos.
2. Introducir unha cultura profesional que adecúe o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.



3. Consensuar medidas que permitan valorar a situación persoal, social, emocional e educativa de cada un dos alumnos e alumnas.
4. Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas ata os apoios, reforzos educativos, obradoiros, etc.
5. Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidades educativas especiais.
6. Diseñar metodoloxías e formas comunicativas que posibiliten o acceso á educación en igualdade de oportunidades ante todos os posibles escenarios educativos.
7. Diseñar un uso adecuado dos recursos existentes no centro.
8. Establecer criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con n.e.e. e dificultades na aprendizaxe.

### **3. ACTUACIONES.**

#### **3.1. MODALIDADES DE ATENCIÓN**

Partindo de que cada alumno e alumna son distintos e singulares, cómpre diferenciar, polo menos, dous tipos de atención:

##### ***a. Atención Xeral***

Dende o centro, o Equipo Directivo, en colaboración co Departamento de Orientación, establece medidas organizativas que favorezan a atención individualizada ás diferentes necesidades de cada grupo e cada alumna e alumno (adscripción de profesorado, desdobres, apoios de profesorado con dispoñibilidade horaria...)

A nivel de aula, como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnado



que requirirá explicacións, actividades ou agrupamentos específicos dentro da aula, onde recibirá as axudas que precisa, etc.

En síntese, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é necesario que o/a titor/a estableza unha rede coordinadora entre o equipo docente para que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe a así poida reflexionar sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno/a respecto do seu achegamento ao currículo, analizar as relacións que se establecen dentro e fóra da aula, etc.

b. *Atención a alumnado con NEAE*

As **medidas ordinarias** de atención á diversidade pode concretarse en:

- **Medidas a nivel de centro:**

EN EDUCACIÓN INFANTIL:

A mestra de apoio á Educación Infantil realiza apoios nos tres cursos, distribuídos da seguinte maneira:

- 5 sesións en 4º de EI.

- 5 sesións en 5º de EI.

- 3 sesións en 6º de EI.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA:

1. Apoio en 1º de primaria: 2 sesións nas áreas instrumentais por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.
2. Apoio en 2º de primaria: 6 sesións nas áreas instrumentais.
3. Apoio en 3º de primaria: 1 sesións nas áreas instrumentais.
4. Apoio en 4º de primaria: 2 sesións nas áreas instrumentais.
5. Apoio en 5º de primaria: 7 sesións nas áreas instrumentais+ 2 sesión de desdobre.



6. Apoio en 6º de primaria: 4 sesións nas áreas instrumentais+ 6 sesións de desdobre.
7. Programación de diferentes plans de intervención para abordar as dificultades na aprendizaxe que presenta determinado alumno.

- **Medidas a nivel de aula:** RE sen apoio ou con apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria: Son medidas que o propio profesorado diseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, ...). neste tipo de medidas se inclúen as adaptacións das programacións, metodoloxía, tempos e instrumentos de avaliación, actividades, agrupamentos, etc.

Outras **medidas extraordinarias** poden ser:

- RE con apoio: Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor ou profesora especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica. Os **apoiros** aos alumnos realizaranse **sempre dentro da aula**.
- Apoio por parte da Auxiliar Coidadora: asignada para a atención a dous alumnos específicos (en 5º de EI e en 2º de EP).
- Adaptacións Curriculares Significativas: nestes casos os alumnos poden, excepcionalmente, recibir apoios fóra da aula se polas súas necesidades educativas, precisen intervencións moi específicas pola P.T. ou A.L. Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación, sendo o procedemento para a demanda de intervención do dito servizo o seguinte:
  - ✓ Comunicado do titor ou titora á dirección do centro da necesidade de que o Departamento de Orientación realice esa avaliación psicopedagóxica.
  - ✓ Comunicado desa demanda á xefa do Departamento de Orientación.
  - ✓ Cobertura, por parte do titor ou titora, da folla de datos (cuestionario previo) aportada pola xefa do Departamento de Orientación.
  - ✓ Autorización da familia.



- ✓ Proceso de avaliación e informe de atención ás n.e.e.
  
- ✓ Agrupamentos flexibles de alumnos: con carácter temporal, para atender ás súas necesidades de forma máis individualizada..

### **3.2. UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO**

#### **Organización dos Recursos Humanos do Departamento**

- No mes de setembro o D.O realizará reunións con cada unha das persoas titoras e equipos de nivel, nas que se informará das características do grupo, necesidades individuais e propostas recollidas nas sesións de avaliación final. Tamén se fará unha primeira valoración da previsión de apoios de PT e AL e da súa organización.
- Tendo en conta estas propostas, e despois de coñecer o horario das titorías e especialidades, o Departamento de Orientación establecerá a proposta de atención á xefatura de estudos.
- As demandas de apoios ao D.O. realizarase despois da avaliación inicial e da determinación das necesidades educativas dos/as alumnos/as. Realizarana o profesor/a titor/a e o profesorado que imparte docencia no grupo de alumnos/as, despois de informar ás familias das observacións realizadas e de que vai realizar dita solicitude.
- Se as demandas de intervención superan o horario de dispoñibilidade do profesorado especialista de PT e AL, aplicaranse os criterios establecidos no PXAD para priorizar a atención a alumnado con NEAE.
- As necesidades non cubertas por este profesorado serán satisfeitas polo titor/a dos alumnos/as coa axuda e colaboración, se é o caso, do profesorado que determine a dirección do centro, segundo o establecido polas leis educativas.
- Priorizaranse os apoios do profesorado do mesmo curso ou etapa con este orden de prioridade.
- Priorizarase a continuidade dun apoio cando persistan as necesidades que o xustificaron.
- Priorizarase a continuidade da atención dun especialista en PT e AL cun mesmo alumno ou alumna.



- Priorizarase, se é o caso, os apoios nos cursos máis baixos, ao alumnado con menor grao de autonomía persoal ou cunhas necesidades educativas máis relevantes.
- Nas reunións do D.O. procederase a establecer as medidas de reforzo e/ou apoios que puideran precisar, así como as prioridades de atención e a distribución e seguimento dos mesmos.
- Os horarios de PT e AL, así como da orientadora, son susceptibles de modificacións en calquera momento do curso e segundo a actualización das necesidades. Ditos cambios se aprobarán nas reunións do D.O. e, na Xefatura de Estudos.
- A distribución e o traballo nas aulas estarán sempre organizados en función das necesidades específicas dos alumnos, mellorando así o aproveitamento dos apoios e a atención ao alumnado con NEAE. Debemos recalcar que o apoio dentro da aula ordinaria por parte das persoas especialistas en P.T. e A.L. esixe unha coordinación moi estreita coa persoa titora responsable do grupo de referencia. O horario de aula deberá adaptarse ás posibilidades do profesorado especialista en PT e AL, e poderá modificarse en calquera momento do curso

### **Criterios para priorizar a intervención co alumnado con NEAE e a realización da Avaliación Psicopedagóxica.**

Para solicitar a intervención da orientadora do centro, cubriráse previamente un protocolo que estará a disposición de todo o profesorado no que se indicará información relevante para a valoración do/a alumno/a e que axudará a establecer unha orde de actuación en función do alumnado que a precise.

Para unha maior calidade na labor orientadora, evitar a difusión de información dos alumnos e alumnas e garantir a confidencialidade; as entrevistas coa orientadora (sexa a familia ou o personal docente) serán no Departamento de Orientación, onde quedarán arquivados todos os documentos pertinentes.

A persoa que exerza a titoría deberá enfatizar ás familias a importancia da coordinación co centro e de facilitar toda a información pertinente para o proceso educativo (informes médicos, neurolóxicos, psicolóxicos, de saúde, cambios nas dinámicas familiares...). Esta información será trasladada ao Departamento de Orientación.



## REUNIÓN DE COORDINACIÓN

A orientadora asiste ao centro todos os luns pola tarde, exceptuando un ao mes no que asiste ao centro compartido. en horario de 16:00 a 19:00. Ten asignado un calendario para a realización das reunións de Departamento nos días estipulados polo Equipo Directivo, en horario de 17:00 a 18:00 horas.

As reunións programadas para este curso serán os días:

- 19 de setembro.
- 17 de outubro.
- 21 de novembro.
- 23 de xaneiro.
- 23 de febreiro.
- 24 de abril.
- 29 de maio.

A maiores, dentro do horario lectivo semanal e coincidindo coa "Hora de Ler", realízase unha reunión de coordinación de orientación-PT e AL, de 20 minutos.

- **PROFESORADO**

Procurarase levar a cabo no horario lectivo de que dispoñan os mestres e mestras, así coma nas horas non lectivas.

- **REUNIÓN DE CICLO E AVALIACIÓN:**

O persoal especialista do DO (Orientadora, PT e AL) asistirán ás reunións mensuais de coordinación de cada un dos ciclos, así como a todas as avaliacións, sendo esta asistencia prioritaria sobre outro tipo de reunións ou funcións non lectivas. A asistencia ás sesións de avaliación é prioritaria en ambos centros, requirindo a colaboración dos Equipos Directivos para facilitala.





## ESCENARIO SEMIPRESENCIAL OU A DISTANCIA:

No caso de que a situación sanitaria ou algunha outra casuística persoal obrigue a unha nova situación de aprendizaxe a distancia ou semipresencial, tanto na totalidade do centro coma para casos particulares, o departamento de orientación, a través do teléfono do que dispón, así coma do blog de orientación, seguirá traballando en estreita comunicación coas titorías e en contacto directo semanal coas familias do alumnado con medidas de reforzo ou apoio, para asegurar que ditas medidas continúan e se asegura a continuidade do proceso que seguía o alumno ou alumna no centro. Tamén se traballará en colaboración con profesorado de Atención Domiciliaria ou Atención Hospitalaria.

## 4. AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación deste plan realizarase a finais de curso por parte do Departamento de Orientación, o cal realizará unha memoria-avaliación da implementación do PXAD e das modificacións introducidas. Ao mesmo tempo, emitirase un informe coas subxestións a considerar no curso seguinte.

Esa avaliación-memoria realizarase tendo en consideración:

- Datos dos diferentes niveis, aportados polos coordinadores/as de ciclo.
- Datos aportados polo profesorado de apoio (AL e PT) e polo profesorado responsable do RE.
- Datos aportados polo equipo directivo.
- Datos aportados pola propia orientadora.
- Conclusións das sesións de avaliación final.

Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.



## 13- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

### ➤ OBXECTIVOS:

- Fomentar dunha maneira lúdica e educativa a convivencia entre todos os alumnos/as do centro.
- Fomentar o coñecemento e participación dos alumnos/as nas festas populares e tradicionais da nosa cultura.
- Conseguir que os nenos/as sexan quen de situar no tempo cada unha das festas tradicionais e comprendan a idiosincrasia das mesmas.
- Complementar os coñecementos traballados diariamente nas aulas con actividades máis reais e manipulativas, enmarcadas en situacións da vida diaria, que permitan ó alumnado afianzar as súas aprendizaxes.

### ➤ ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO CENTRO:

Proponse a realización das seguintes actividades complementarias para desenvolver con todo o alumnado a nivel de Centro.

- **Almorzos Saudables:** 1ª semana de outubro. Durante esta semana cada curso escolar almorza un día no Centro. As familias son informadas do calendario da actividade ó comezo de curso. Cada neno trae da súa casa un vaso, unha cunca de plástico e unha culler. O Centro merca os alimentos necesarios para un almuerzo saudable. Esta actividade desenvólvese na biblioteca, preparada para a ocasión cunha mesa tipo buffet, e outras dúas con manteis onde almorzan os nenos e nenas.



Esta actividade desenvolverase dende o luns 3 de outubro ate o venres 7 de outubro durante a primeira hora da mañá (09:35-10:25). Distribuiremos ó alumnado en grupos de maneira que cada grupo realizará a actividade só un dos días sinalados.

Nada mais chegar á biblioteca proxectamos uns vídeos nos que se explica a importancia e os alimentos necesarios para facer un almuerzo saudable. Unha vez remata o visionado das proxeccións comeza o almuerzo. Os nenos escollen o que queren almorzar es os mestres son os encargados de servirllas. Nesta actividade participan os titores e mestres especialistas que terían clase con eses grupos nesa franxa horaria, os mestres que están de garda e o conserxe. Unha vez rematamos de almorzar imos á cociña a lavar as nosas tazas e culleres. Despois ordenadamente subimos á aula para seguir co horario normal do día. Esta actividade complementa o traballo realizado cos nenos e nenas antes e despois da mesma na aula.

- **Magosto + Samaín:** 28 de outubro. Realizaremos un obradoiro de cabazas coas familias. A media mañá asaranse as castañas e as repartiremos entre o alumnado para que as coman nas zonas do patio designadas ese día para cada nivel, respectando os grupos burbulla. O alumnado poderá vir disfrazado coa temática do Samaín. Ao redor desta data teremos un espectáculo para o alumnado de primaria relacionado co Samaín que ten por título "Quen ten cu, ten medo!".
- **Mes da Ciencia en galego:** Durante o mes de novembro o alumnado de 4º a 6º de primaria buscará información sobre experimentos, e os realizarán durante a Hora de ler para o resto dos grupos do centro.
- **Día contra a Violencia de Xénero:** 25 de novembro. Teremos un contacontos proporcionado pola ANPA do colexio titulado "Contos de nenas grandes e nenas pequenas". A nivel de titorías realizarase unha pequena investigación sobre 1 inventora por cada aula, por ser a temática do PDI deste curso. Despois faremos unha posta en común das investigacións.
- **Semana da Diversidade:** No mes de decembro. En colaboración con AMICOS realizaranse unhas xornadas de inclusión. Estamos pendentes da súa programación.
- **Quilo por Libro:** Do 1 ó 15 de decembro. O alumnado traerá ó Centro un quilo dalgún alimento non perecedeiro que se destinará ó Banco de Alimentos de Cáritas (Boiro) e dende o Centro agasallarásele cun libro procedente do expurgo da biblioteca. O



intercambio realizarase nas titorías. Esta actividade ten como obxectivos fomentar a faceta solidaria do noso alumnado e familias ó tempo que fomentamos a lectura.

- **Nadal:** Realizar unha árbore dos desexos. Tamén realizaremos un festival o día 22 de decembro no centro social de Cabo de Cruz. Ao redor destas datas tamén está previsto un intercambio de postais co CEIP de Escarabote.
- **Día da Paz:** Cada aula fará unha investigación sobre inventos que contribuíron á paz.
- **Día da muller e a nena na ciencia:** 11 de febreiro. Realizaremos unha actividade en colaboración co IES Barraña, onde o alumnado da área de física e química virá ao noso centro a amosarnos diferentes inventos e inventores/as relacionadas con esta área.
- **Día de Rosalía:** 23 de febreiro. Traballaremos nas aulas poemas de Rosalía.
- **Entroido:** 17 de febreiro. Para a celebración desta festa propoñemos unha temática común para que todo o alumnado, profesorado, persoal laboral e pais e nais que así o desexen, podan participar. Este ano propoñemos vir caracterizados de inventores, inventoras ou inventos (relacionado coa PDI do Centro). Se o tempo o permite faremos un pasacalle dende o centro ata o parque.
- **Día da Muller:** 8 ou 9 de marzo (Dependendo de se hai folga). Realizaremos un encontro cunha inventora galega.
- **Día do Libro:** Mediante montaxes fotográficas recrearemos as portadas dos noso libros favoritos. Tamén realizaremos apadriñamentos e amadriñamentos lectores, onde o alumnado máis maior le un libro ao alumnado máis pequeno. Tamén realizaremos esta actividade en colaboración co IES A Cachada, para que o alumnado de 6º empece a ter contacto con os que serán os seus futuros compañeiros.
- **Letras Galegas:** Homenaxearemos a Francisco Fernández del Riego, investigando nas aulas a traxectoria deste autor.
- **Semana Cultural:** Do 15 ó 19 de maio. Celebraremos a nosa XI Semana Cultural. Realizaremos talleres relacionados coa temática do proxecto de Dinamización da



Lingua Galega que está en fase de elaboración, pero que estarán relacionadas coa PDI do centro.

- **Charla Afectivo-Sexual:** Charla impartida por unha enfermeira para o alumnado de 5º e 6º de primaria.
- **Graduacións:** Como cada ano realizaremos as graduacións do alumnado de 6º de infantil e 6º de primaria.

En canto ás conmemoracións, teranse en conta as fixadas no Calendario escolar regulado na Orde do 2 de xuño de 2022, dedicándolle o tempo lectivo que se estime polo profesorado para cada unha delas xa que as que non se traballan a nivel de Centro desenvolveranse a nivel de aula, aportándolle ó alumnado información sobre o que se conmemora ese día e facendo algunha actividade.

- **ACTIVIDADES A DESENVOLVER FÓRA DO CENTRO:** Como cada ano participaremos nas actividades ofertadas dende os distintos departamentos do Concello de Boiro.

### 3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Visita aos Castros de Neixón. A saída prevese para o 2º trimestre (data aínda por determinar) e se realizará en horario de mañá e tarde en horario de 9:35 a 19:00 horas aproximadamente.,
- Concerto musical no Auditorio de Galicia: Esta saída está pendente da oferta que neste sentido se realice. Esta saída se realizará en horario de mañá e de tarde, dende as 9:35 ata as 19:00 horas aproximadamente.

### 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

- Saída a Santiago de Compostela para visitar o MUPEGA, o Museo do Pobo Galego e CEGAC. Aínda están as datas por determinar pero intentaríase realizar a finais do 1º



trimestre ou no 2º trimestre. O horario sería dende as 9:35 ata as 19:00 horas aproximadamente.

- Excursión a GALIPARK, parque multiaventura situado en Padrón. Aínda non están pechadas as datas, pero solicitarase para os últimos días de curso no mes de xuño. Será tamén en horario de 9:35 a 19:00 horas.
- DIGITALWEEK: Semana de inmersión lingüística en lingua inglesa dirixida ao alumnado de 6º de Primaria. Realizarase dende o 9 ao 15 de outubro, en réxime residencial.

#### TODO O ALUMNADO E PROFESORADO DO CENTRO:

- EXCURSIÓN AO MUNCYT (Coruña): Na penúltima semana do mes de maio todo o alumnado e profesorado do Centro viaxará a Coruña a visitar este Museo, xa que está directamente relacionado coa PDI do Centro. Ademais cada nivel aproveitará para visitar outros museos e espazos en dita cidade relacionados con diversos aspectos educativos traballados durante o curso. Esta excursión se realizará en horario de 9:35 a 19:00 h. aproximadamente,
- Andaina ó Monte da Retorta (última semana de xuño). Nunha xornada de convivencia entre todo o alumnado e profesorado do Centro realizaremos unha saída ó Monte da retorta, situado a 2 quilómetros do colexio, onde poderemos observar a natureza (flora e fauna) máis inmediata.

Sairemos do Centro ás 10:00 camiñando. Unha vez alí almorzaremos algo e deixaremos que o alumnado explore libremente a zona, resolvendo cantas dúbidas poidan xurdir e explicando de maneira xeral as características máis notables da nosa flora e fauna. Ás 12:30 volveremos para o Centro, o alumnado e profesorado de infantil farán o regreso en autobús e os de primaria o farán camiñando novamente.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS: Xornadas que buscan facilitar a práctica dunha actividade deportiva diferente, educativa e saudable no marco da relación do alumnado do centro co dos outros colexios do concello e da comarca. Mediante o xogo, preténdese difundir os valores da



competición dende unha perspectiva mais regrada, traballando de paso a frustración xerada, en moitos casos, tanto ao gañar coma ao perder.

Quedan aprobadas no Consello Escolar as actividades Deportivas organizadas dentro do Programa XOGADE, da Secretaría Xeral para o Deporte:

-Campo a Través da Secretaría Xeral do Deporte: Esta actividade está dirixida ó alumnado que queira participar de forma voluntaria dende 2º a 6º de Primaria, ambos inclusive. Esta actividade pode xerar novas competicións en relación ás clasificacións obtidas en cada proba (Intercomarcal – Provincial). Nós seguiremos participando nas mesmas co alumnado que consiga clasificarse nas probas anteriores.

-Campo a Través do Concello de Boiro: Desenvolverase previsiblemente no mes de marzo. Esta actividade, organizada polo departamento de deportes do Concello de Boiro, está dirixida ó alumnado que queira participar de forma voluntaria dende 2º a 6º de Primaria, ambos inclusive. Neste Campo a Través compítense entre os seis colexios de Boiro.

Durante a primeira sesión teremos clase normal. Os mestres responsables sairán do Centro co alumnado participante ás 09:55 e regresarán ás 13:15.

No Claustro de inicio de curso decidiuse que cando nesta actividade participe máis do 80% do alumnado dunha clase acudiría todo o alumnado e titores dos cursos participantes. Os alumnos que non queiran participar na actividade acudirán para observar como se desenvolve esta actividade. Cando o alumnado participante supoña menos do 80% os que non participen quedarán no Centro.

-Xornadas Deportiva Intercentros: Esta actividade está dirixida ó alumnado dende 3º a 6º de Primaria, ambos inclusive, e organizada polo programa XOGADE.

Cada Centro é o encargado de organizar as súas xornadas, tanto a distribución horaria como as actividades que se desenvolven durante as mesmas. Normalmente durante a primeira sesión teremos clase normal xa que temos que contar cos horarios de todos os Centros.



No noso Centro as actividades comezarán ás 10:00 e finalizarán ás 13:00. Durante esta xornada practicaranse 4 deportes: fútbol, balonmán, floorbal e baloncesto. Terán o recreo coincidindo co do horario do noso Cole para que se relacionen co resto do noso alumnado.

As datas e localidades previstas para levar a cabo estas xornadas aínda están por determinar.

-Duatlón: Actividade organizada polo departamento de deportes do Concello de Boiro, a desenvolver no mes de febreiro, aínda que non ten unha data concreta polo momento. Esta actividade, organizada pola concellería de Deportes do Concello de Boiro, está destinada ó alumnado de 3º a 6º que queira participar. A distribución horaria sole ser a mesma que as das outras actividades, de 10:00 a 13:00 h.

Os mestres acompañantes para todas estas actividades deportivas son:

-Urko Unzueta Fernández (Mestre de Educación Física e Coordinador Deportivo)

-Javier Vidal Coira

Ademais das actividades citadas anteriormente participaremos naquelas que nos ofrezca a casa de Cultura de Boiro e que consideremos adecuadas para o noso alumnado tendo en conta tanto a idade como a súa repercusión no proceso de ensino-aprendizaxe.

O longo do curso poden xurdir outras actividades complementarias ó proceso de ensino-aprendizaxe que se aprobarán, chegado o momento, seguindo as canles que enmarca a lei.





## 14- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN:

O Centro conta cun Plan de Autoprotección, elaborado o curso 2016-2017.

No mes de xuño do 2016 cambiáronse as tubarías de augas das instalacións contra incendios, obra solicitada á Xefatura Territorial ó comezo do curso 2015-2016; polo que a infraestrutura deste sistema se atopa en perfecto estado; así mesmo revisáronse todos os extintores a finais do mes de setembro do ano pasado.

No curso 2016-2017 realizáronse uns plans de evacuación para todas as aulas do Centro e as zonas comúns, así como a revisión e actualización da Caixa de Emerxencias. Estas dúas actuacións foron realizadas de forma altruísta por dúas familias do Centro.

Nos cursos 2015-2016 e 2016-2017 solicitouse a colaboración dos Bombeiros para levar a cabo no noso Centro un simulacro de evacuación, sendo este denegado por atoparse os bombeiros en folga; por este motivo decidimos facer o simulacro de evacuación sen a súa presenza.

A comisión encargada de poñer en práctica o Plan de Autoprotección está formada por:

Lucía Abad Sánchez (Directora)

Ana Mª Places Vitorro (Xefa de Estudos)

Mª Reyes Fenández Neira (Secretaria)

Fco. Javier Míguez Mato (Representante do profesorado)

Xaquín Touceda (Conserxe)

Pendente de asignar xa que a persoa nomeada anteriormente xa non ten representación neste centro. (Representante dos pais)

O Centro non dispón de fondos para contratar a unha empresa privada para a elaboración dun plan de emerxencias novo.



## **15- PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE E HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO:**

No centro contamos cunha coidadora que atende a alumnado que o precisa en horario completo de 9:00 a 15:00 (incluído acompañamento en transporte escolar). As funcións e obrigas da coidadora serán as recollidas no Decreto 3143/71, do 16 de decembro, polo que se aproba o regulamento do corpo xeral subalterno da administración civil do estado.

Entre o persoal laboral da Administración e Servicios conta coa colaboración do conserxe, Joaquín Fernández Toucedo, e dúas limpadoraas, Josefa Rivadulla González e Ana que desenvolven a súa actividade a plena satisfacción do profesorado, alumnado e familias.

As obrigas do conserxe, segundo a Lei da Función Pública 4/1988, están recollidas no documento de Normas de organización e Funcionamento.

Ademais das obrigas aí recollidas, o Conserxe leva a cabo outras tarefas que en absoluto lle corresponden, pero que, grazas á súa dedicación, no Centro pódense emprender determinadas infraestruturas que, se houbera que afrontar o custe da man de obra que supoñen, sería inviable acometelas.

Encárgase, igualmente, da apertura das portas exteriores do recinto escolar ás 8,45 e do seu peche as 17 horas.

O horario de atención ao público é de luns a venres : De 8:00 a 15:00 h.

A limpadora habitual realiza a súa función durante 37 horas á semana, en horario de mañá (de 11 a 13 h.) tarde (de 14:30 a 19:30 h.). Este ano contamos cun reforzo de 2 horas diarias que realiza unha persoa externa en horario de 15 a 17 horas.



## 16- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA:

As familias mantéñense informadas a través dun boletín que se lles envía ó comezo do curso no que se recolle a información máis relevante respecto ao funcionamento do Centro (horarios, calendario escolar, persoal docente e non docente, programas que se van desenvolver, normas do Centro...). Estes aspectos tamén se lles explican nunha reunión ó inicio de curso con todas as familias do alumnado de Educación Primaria, na que tamén se resolven as dúbidas que poidan xurdir. Estas reunións desenvolvéronse nas seguintes datas:

INFANTIL: Luns 5 de setembro ás 11:30 h.

PRIMARIA: Martes 6 de setembro ás 11:30 h.

Tamén se realizan reunións cos titores dos diferentes niveis ó longo dos meses de setembro e outubro nas que se tratan os temas relativos ó desenvolvemento do curso que comeza: obxectivos, contidos, metodoloxía, mínimos esixibles, etc.

No presente curso escolar estas reunións terán lugar nas seguintes datas:

4º Educación Infantil: 5 de setembro ás 12:00 horas

5º Educación Infantil: 5 de setembro ás 12:00 horas

6º Educación Infantil: 5 de setembro ás 12:00 horas

1º Educación Primaria: 10 de outubro ás 18:00 horas.

2º Educación primaria: 26 de setembro ás 18:00 horas.

3º Educación Primaria: 3 de outubro ás 18:00 horas.

4º Educación Primaria: 3 de outubro ás 18:00 horas.

5º Educación Primaria: 10 de outubro ás 18:00 horas.

6º Educación Primaria: 10 de outubro ás 18:00 horas.



Ó longo de todo o curso solicítaselle ás familias a súa colaboración para lograr os obxectivos educativos; invítaselles a participar nas actividades que se vaian programando, a colaborar coas súas suxerencias na mellora da práctica educativa, e a compartir os seus coñecementos nalgún tema que resulte de interese para o alumnado a través de talleres, charlas, etc, que se programan en función das ofertas que imos tendo por parte das familias e das demandas dos proxectos desenvolto no Centro.

Ademais do horario de atención ás familias contemplado no tempo de permanencia no Centro do profesorado, danse todas as facilidades para escoitalas ou darlle a información precisa para a boa marcha educativa dos seus fillos/as.

No curso 2015-2016 puxemos en marcha unha nova canle de comunicación coas familias a través dunha aplicación móbil: "Tokapp School". Pretendemos así mellorar a comunicación directa coas familias, realizando un envío de información máis inmediato e evitando a perda de dita información a través de intermediarios. Durante o presente curso escolar seguiremos co uso desta aplicación.

Por outra banda no Centro dispoñemos dunha páxina web e un blog, onde colgamos información relativa tanto ó funcionamento do Centro: horarios, documentos, etc; como ás diferentes actividades que realizamos ó longo do curso. Tamén difundimos as nosas actividades a través das redes sociais (facebook, tweeter e instagram).

Por último destacar neste punto que contamos coa participación das familias que así o desexan nas celebracións culturais: Magosto, Samaín, Entroido, Festivais, Semana Cultural, etc, xa que consideramos ás familias unha parte imprescindible na marcha do noso Centro.



## 17- PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR:

A empresa "Autos Ramón Outeiral S.L." realiza o transporte escolar do Centro, subcontratada por MONBUS que é a empresa que agora mesmo ten a concesión.

O total de itinerarios do Centro son tres, repartidos do seguinte xeito:

LIÑA 1:
CAIXA DE AFORROS
CAMPO
FONTENLA
CARIÑO
XIÓN
MIRAMAR
BARRAÑA*

\*Esta parada está pendente de aprobación, xa que tivemos unha modificación na zona de influencia do noso centro e solicitamos esta nova parada no inicio da zonificación nova.

O tempo estimado para este recorrido é de 15' e o número de quilómetros 3,7.

Esta liña conta con 47 alumnos/as no presente curso escolar.

LIÑA 2:
MAVI
CAPELA
MALECÓN
CORVIÑO
CURBERA
ESTEIRO-GRUPO



ESTEIRO
MONTEPEQUENO

O tempo estimado para este recorrido é de 14'e o número de quilómetros 2,6.

Esta liña conta con 40 alumnos/as no presente curso escolar.

LIÑA 3:
BANDALRÍO
PETÓN
CARRAGUEIROS
CHAZO
SILVOSA
FONTEDEMOURO
ROMARIZ
LAGOA

O tempo estimado para este recorrido é de 20'e o número de quilómetros 7,5.

Esta liña conta con 32 alumnos/as no presente curso escolar.

Dúas destas liñas (1 e 3) están xestionadas por mobilidade, mentres que a liña 2 continúa sendo xestionada por educación.

Todos os autobuses teñen parada no propio Centro ás entradas e ás saídas. Contan igualmente con acompañante. O profesorado realiza a vixilancia do alumnado -transportado e non transportado- tanto nas entradas coma nas saídas do Centro.



## **18- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:**

Para a utilización das instalacións do Centro por parte de entidades ou persoas alleas ao mesmo presentárase un escrito de solicitude ante a Dirección do Centro; posteriormente, solicitarase un informe ao Consello Escolar que será remitido á Xefatura Territorial para a súa resolución.

Durante o presente curso escolar, a AFA do Centro utilizará as instalacións para desenvolver o servizo de madrugadores, o comedor, a ludoteca e varias actividades extraescolares que figuran no seguinte apartado.



## 19- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA AFA:

A AFA participa activamente na organización e desenvolvemento dalgunhas actividades complementarias no Centro: Magosto e Samaín, Festival de Nadal e Entroido, tal e como se explica no apartado 13 desta programación.

Ademais a AFA propón para o presente curso o servizo de madrugadores, comedor escolar, ludoteca e as actividades extraescolares que se detallan a continuación, quedando as mesmas suxeitas a reunir o número mínimo de participantes para poder levarse a cabo:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:30-09:35	MADRUGADORES				
14:35-16:00	COMEDOR				
16:00-17:00	LUDOTECA				
	INGLÉS (Aula de desdobre)		BATUKADA (Centro Social de Cabo)	PINTURA E DEBUXO (Infantil + 1º)	
17:00-18:00	BOXEO (Aula de psicomotricidade)  INGLÉS (Aula de desdobre)	MULTIDEPORTE (Pavillón)	INGLÉS (Aula de desdobre)	PINTURA E DEBUXO (2º-6ª) (Centro Social de Cabo de Cruz)	PATINAXE (Pavillón polideportivo Valiño)
18:30-19:30	PANDEIRETA INICIACIÓN ALUMNADO (Centro Social de Cabo)				





## 20- PROGRAMAS/PLANS ANUAIS DE LECTURA:

A lectura contribúe ao desenvolvemento das competencias clave. Trátase, sobre todo, de dotar ao alumnado de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. O proxecto lector de centro será o referente para a elaboración de plans anuais de lectura.

En consecuencia, as accións programadas para cumprir ese obxectivo son:

- Desenvolver a competencia lectora en todas e cada unha das áreas e en distintos formatos.
- Garantir un tempo diario de lectura.
- Contemplar unha sesión de biblioteca semanal –como mínimo- por titoría. Esta sesión emprégase, ademais de para ler, para coñecer as normas da biblioteca, coñecer os recursos cos que se conta, buscar información, organizar sesión de “Contacontos”...
- Darlle funcionalidade as bibliotecas de aula. Estas están dotadas por:
  - Os libros que cada neno ou nena aporta dos que ten na casa.
  - Coleccións existentes na biblioteca do Centro e que se renovan periodicamente.
  - Bibliografía precisa para desenvolver os proxectos que se estean desenvolvendo.
- Renovar os fondos bibliográficos e dalos a coñecer, mediante exposicións e/ou información oral.
- Facilitar ao profesorado o material preciso para o desenvolvemento dos proxectos en diferentes soportes.
- Programar, xunto co EDNL actividades que contribúan á adquisición da competencia lectora.
- Dar a coñecer autores e/ou ilustradores das lecturas realizadas trimestralmente.
- Implicar aos pais /nais na tarefa común da adquisición da competencia lectora no alumnado.

Para isto continuarase coas actividades de:



## **1. Organización e Xestión:**

Actualmente estamos renovando a biblioteca, revisando a catalogación dos recursos e redeseñando os espazos co fin de ofertar un entorno máis atractivo e práctico para o alumnado. Tamén traballaremos na adquisición, xestión e organización de novos fondos, en diferentes soportes, segundo as necesidades das aulas. Na selección de fondos novos tentaremos adquirir especialmente documentos de información e tamén en soporte **multimedia**, xa que é onde a B. E. está máis deficitaria. Tamén procuraremos adquirir novos comic e libros para primeiros lectores.

Ao mesmo tempo, procuraremos completar os rexistros bibliográficos cos datos que demanda o programa para facilitar a utilización dos fondos bibliográficos.

## **2.-Préstamos:**

Seguiremos coa política de préstamos que vimos facendo, en horario de 12:05 a 12:55 horas –durante o recreo- e no que colaboran varias mestras e o alumnado que forma parte do voluntariado.

## **3. Dinamización e promoción de recursos:**

- Exposicións temáticas e de novidades, datas conmemorativas, guías de lectura, publicación de artigos na revista dixital do Centro, encontros con autores, contacontos, uso da Sala como centro de recursos multimedia co canón de vídeo para charlas, meses temáticos, etc.



#### 4. Formación de usuarios e Educación Documental:

4.a).- Realización de visitas do alumnado á Biblioteca, acompañado dos seus titores/as de cara a:

- familiarizarse co espazo físico e coas normas propias da biblioteca, en especial o alumnado dos primeiros niveis.

- que vaian coñecendo os documentos e os servizos que ofrece (libros, revistas, CD-ROM, DVD, cintas de audio, ordenadores,...) para lograr a autonomía no uso dos mesmos.

4.b).- Uso da Biblioteca para facer buscas de información e investigación, sobre todo para o desenvolvemento de proxectos e nas áreas de Ciencias Sociais e Naturais, linguas, música,... en todo tipo de soportes, e dinamizados polo profesorado, de cara a aprender a buscar información, selecciónala, tratala, elaborala e plasmala nun traballo axeitado aos obxectivos propostos.

#### 5.- Animando a ler e escribir coa organización de diferentes actividades:

- ✓ ***Hora de ler:*** Todos os días de 12:35 a 12:55 establecemos a hora de ler, na que participa todo o alumnado do centro. O obxectivo é fomentar no alumnado o gusto pola lectura lúdica.
- ✓ ***Mochilas viaxeiras.*** En cada clase dispónse de dúas mochilas que a rapazada leva para as casas "cargadas" de libros para ler sos ou acompañados; unha delas é exclusivamente con contidos de igualdade.
- ✓ ***Dramatizacións e contacontos (co alumnado e familias)***
- ✓ ***Lectura de parellas cooperativas.***
- ✓ ***Elaboración de poemas, cantigas, trabalinguas...***



- ✓ *Talleres de escritura creativa*
- ✓ *Método Doman de aprendizaxe da lectura en Infantil.*
- ✓ *Elaboración de contos para os cumple en Infantil.* O alumnado elabora un conto adaptado do orixinal "Cocolobo y sus amigos" co que agasallamos ao/á alumno/a homenaxeado/a.
- ✓ *Xogos: Dígalo con mímica, Xogo da "Lista da compra", Ensalada de palabras...*
- ✓ *Busca de finais alternativos.*
- ✓ *Posta en práctica da técnica da "Habitación selada" de Clara Peñalver.* *Baséase nunha metodoloxía facilitadora da creación de historias. Caracterízase pola utilización dunha plantilla que simule unha habitación vista dende arriba, que servirá de borrador da historia. Cada parcela da plantilla deberase encher con información relativa a: argumento, espazo-tempo, desenlace e personaxes da historia que se vai a crear. Cómpre resaltar que o apartado de personaxes deberá ser elaborado partindo das personaxes de cores. Existen catro perfís (catro personaxes de cores), nos que se explican as características temperamentais e actitudinais que podemos atopar nas persoas. Desa maneira, trabállase a conciencia emocional na creación de historias, ademais de fomentar a escritura a partir de borradores.*
- ✓ *Visita á biblioteca Municipal.*
- ✓ *Encontros con autores/as e ilustradores/as.*
- ✓ *Intercambio de libros persoais.*
- ✓ *Busca e análise de información.*
- ✓ *Lecturas obrigatorias para todos os niveis de primaria para o 2º e 3º trimestre (Aínda por determinar).*
- ✓ *Participación no programa "La voz de la escuela" do xornal La Voz de Galicia co alumnado de 5º e 6º.*



**6.- Dinamización da biblioteca:** mes da ciencia, proxección de curtas temáticas, publicacións no blog do cole, o mes da ilustración, o mes da diversidade, participación da comunidade educativa na biblioteca, promoción nos medios de comunicación locais das actividades realizadas, contacontos, actividades de coñecemento do espazo, busca de información e animación lectora...entre outras. Tamén se solicitará voluntariado entre o alumnado de 5º e 6º de primaria para que colabore activamente na dinamización da biblioteca.

**7.- Clubs de Lectura:** Durante este curso académico poremos en marcha 3 clubs de lectura en 4º, 5º e 6º de EP. Cada club será dunha temática diferente, e terá unha reunión mensual para comentar os libros que se propoñan no club e realizar actividades en torno a eles.



## 21- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS:

O noso Centro conta con dúas aulas E-Dixgal nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria.

Todas as aulas están dotadas de equipos informáticos e encerado dixital.

Na etapa de Infantil recóllese unha hora semanal en cada nivel de informática. Durante esa hora o alumnado aprende o uso básico do ordenador: acendido e apagado, manexo do rato, acceso ós diferentes programas cos que se traballa, etc. Deste modo dotamos ó alumnado máis pequeno dunha ferramenta de traballo imprescindible para o seu futuro desenvolvemento académico.

Introducimos a Informática como obxecto de estudo en todos os niveis de primaria, asociada a 1 sesión de Lingua Castelá. A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil, requiren un tratamento educativo que inicie aos discentes na comprensión das mensaxes audiovisuais e na utilización axeitada, identificando o papel que estas tecnoloxías teñen nas súas vidas.

Os obxectivos a acadar neste ámbito nos diferentes niveis educativos son:

- Construír unha base de coñecementos, actitudes e habilidades útiles sobre as Tecnoloxías que permitan un mellor desenvolvemento no ámbito académico e no contorno do alumnado.
- Familiarizar ao alumnado co uso dos medios informáticos.
- Ampliar os contidos curriculares mediante aplicacións multimedia.

Ao longo do curso académico desenrolaranse as estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos.

Nas sesións das clases de informática trataranse basicamente os seguintes contidos para cada nivel educativo:

### 1º EDUCACIÓN PRIMARIA:

- a. Utilización e aproveitamento didáctico dos encerados dixitais. Manexo dos



- programas propios dos mesmos, con sesións axeitadas ao seu nivel educativo. Aplicacións multimedia propias desta etapa e adaptación dos materiais curriculares de aula aos formatos dixitais que poidan ser usados nesta ferramenta.
- b. Actividades de reforzo de materias instrumentais con aplicacións de libre distribución e preferiblemente en galego como Lim, Ardora, Clic 3.0, JClic. Complementaranse con outro software proporcionado por editoriais e de tipo comercial .
  - c. Actividades educativas multimedia en Internet, acceso sinxelo ás mesmas e procura de informacións simples.
  - d. Coñecemento básico da Aula Virtual do cole, e aprendizaxe e desenvolvemento nela.
  - e. Iniciación ó uso de editor de textos openoffice e libreoffice.

### **2º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- a. Utilización e aproveitamento didáctico dos encerados dixitais. Manexo dos programas propios dos mesmos, con sesións axeitadas ao seu nivel educativo. Aplicacións multimedia propias desta etapa e adaptación dos materiais curriculares de aula aos formatos dixitais que poidan ser usados nesta ferramenta.
- b. Coñecemento básico da Aula Virtual do cole, e aprendizaxe e desenvolvemento nela.
- c. Actividades de reforzo de materias instrumentais con aplicacións de libre distribución e preferiblemente en galego como Lim, Ardora, Clic 3.0, JClic. Complementaranse con outro software proporcionado por editoriais e de tipo comercial .
- d. Actividades educativas multimedia en Internet, acceso sinxelo ás mesmas e procura de informacións simples.
- e. Iniciación ó uso de editor de textos openoffice e libreoffice.

### **3º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- a. Desenvolvemento e navegación autónoma na Aula Virtual do cole e as tarefas plantexadas.



- b. Creación de presentacións para poder acompañar unha exposición sobre un tema dado.
- c. Nocións básicas sobre os ordenadores, os sistemas operativos e as aplicacións de ofimática máis básicas; tratamento de textos e presentacións de diapositivas.
- d. Coñecemento básico da Aula Virtual do cole, e aprendizaxe e desenvolvemento nela.
- e. Actividades educativas e xogos interactivos en Internet
- f. Procura de información na Web e compilación sinxela da mesma en diferentes soportes ofimáticos
- g. Uso de programas educativos: Lim, Ardora, Clic 3.0, JClic e actividades de reforzo das distintas materias a través de recursos interactivos das distintas editoriais
- h. Iniciación ó uso do correo electrónico.
- i. Realización de traballos colaborativos e individuais simples con Google Classroom
- j. Elaboración de pequenas curtas de vídeo a partires de imaxes realizadas por eles mesmos, das fotografías e vídeos tomadas nos diferentes eventos e gravacións de sons propios.
- i. Iniciación ó uso de editor de textos openoffice e libreoffice.

#### **4º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- a. Desenvolvemento e navegación autónoma na Aula Virtual do cole e as tarefas plaxeadas.
- b. Creación de presentacións para poder acompañar unha exposición sobre un tema dado.
- c. Creación de mapas conceptuais mediante programas informáticos, como medio de aporte cara unha exposición.
- d. Nocións básicas sobre os ordenadores, os sistemas operativos e as aplicacións de ofimática máis básicas; tratamento de textos e presentacións de diapositivas.
- e. Coñecemento básico da Aula Virtual do cole, e aprendizaxe e desenvolvemento nela.
- f. Tratamento a nivel usuario das Google apps, dentro da plataforma Google for education, no cal está subscrito o cole.





- g. Actividades educativas e xogos interactivos en Internet
- h. Procura de información na Web e compilación sinxela da mesma en diferentes soportes ofimáticos
- i. Uso de programas educativos: Lim, Ardora, Clic 3.0, JClic e actividades de reforzo das distintas materias a través de recursos interactivos das distintas editoriais
- j. Iniciación ó uso do correo electrónico.
- k. Realización de traballos colaborativos e individuais simples con Google Classroom
- l. Elaboración de pequenas curtas de vídeo a partires de imaxes realizadas por eles mesmos, das fotografías e vídeos tomadas nos diferentes eventos e gravacións de sons propios.

### **5º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- a. Ordenadores e sistemas operativos: elementos básicos e periféricos dun ordenador notebook ABALAR, compoñentes internos. Características e principais diferenzas dos sistemas operativos de usos libre e comercial.
- b. Creación de presentacións con google presentaciones, para facer en grupo e expoñelas nuha clase.
- c. Procura de información na rede: texto e imaxes. Utilización de buscadores
- d. Utilización e aproveitamento didáctico do encerado dixital nas titorías de sexto. Manexo dos programas propios do Smart Board; Notebook, con sesións axeitadas ao seu nivel educativo. Aplicacións multimedia propias desta etapa e adaptación dos materiais curriculares de aula aos formatos dixitais que poidan ser usados nesta ferramenta.
- e. Ofimática: usando software libre e en galego
- f. Procesador de textos. Utilización e elaboración dos seus propios documentos.
- g. Elaboración de presentacións multimedia. Crear unha presentación a partires de imaxes e texto procurados na internet. Inserción de imaxes, cadros de texto, personalizar as animacións de imaxes textos e diapositivas, transicións, fondos... Gardar como e exportar en diferentes formatos.
- h. Realización de traballos colaborativos e individuais complexos con Google Docs



- i. Tratamento do son e da imaxe dixital; usos básicos
- j. Reforzo de materias:
- k. Uso de programas educativos: Lim, Ardora, Clic 3.0, JClic
- l. Programas de recursos da intranet, servidor do colexio e do Portal educativo da Xunta de Galicia
- m. Programas de uso comercial
- n. Programas de mellora da lingua Inglesa
- o. Correo electrónico e mensaxería en rede. Creación e utilización básica dunha conta persoal de correo electrónico; creación de grupos pechados de contactos e permisos de participación (aulas virtuais...).
- p. Participación activa na web do centro, publicación e actualización de contidos.

### **6º EDUCACIÓN PRIMARIA:**

- a. Ordenadores e sistemas operativos: elementos básicos e periféricos dun ordenador notebook ABALAR, compoñentes internos. Características e principais diferenzas dos sistemas operativos de usos libre e comercial.
- b. Creación de presentacións con google presentaciones, para facer en grupo e expoñelas nuha clase.
- c. Procura de información na rede: texto e imaxes. Utilización de buscadores
- d. Utilización e aproveitamento didáctico do encerado dixital nas titorías de sexto. Manexo dos programas propios do Smart Board; Notebook, con sesións axeitadas ao seu nivel educativo. Aplicacións multimedia propias desta etapa e adaptación dos materiais curriculares de aula aos formatos dixitais que poidan ser usados nesta ferramenta.
- e. Ofimática: usando software libre e en galego
- f. Procesador de textos. Utilización e elaboración dos seus propios documentos.
- g. Elaboración de presentacións multimedia. Crear unha presentación a partires de imaxes e texto procurados na internet. Inserción de imaxes, cadros de texto, personalizar as animacións de imaxes textos e diapositivas, transicións, fondos... Gardar como e exportar en diferentes formatos.
- h. Realización de traballos colaborativos e individuais complexos con Google Docs
- i. Tratamento do son e da imaxe dixital; usos básicos



- j. Reforzo de materias:
- k. Uso de programas educativos: Lim, Ardora, Clic 3.0, JClic
- l. Programas de recursos da intranet, servidor do colexio e do Portal educativo da Xunta de Galicia
- m. Programas de uso comercial
- n. Programas de mellora da lingua Inglesa
- o. Correo electrónico e mensaxería en rede. Creación e utilización básica dunha conta persoal de correo electrónico; creación de grupos pechados de contactos e permisos de participación (aulas virtuais...).
- p. Participación activa na web do centro, publicación e actualización de contidos.

Polo demais, continúan efectivas as normas xa existentes para un bo funcionamento da aula de Informática:

- Que cada alumno/a traballe sempre no mesmo ordenador.
- Que cada un sexa responsable do seu equipo: (pantalla, teclado, auriculares)
- Actualizar o *AVAST* e demais programas cando sexa preciso.

Solicitaranse á UAC novos equipos e algunha pantalla para repoñer os que se foron avariando.



## 22- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO:

### ANÁLISE DA ENQUISTA SOBRE A LINGUA MATERNA NO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN Ó CENTRO

No presente curso incorporáronse 21 nenos e nenas ó noso Centro (16 en 4º infantil, 2 en 5º infantil, 1 en 6º infantil, 1 en 1º primaria e 1 en 6º primaria). Unha vez feita a análise da pregunta formulada aos pais/nais sobre a lingua materna dos seus fillos/as, obtéñense os seguintes resultados:

GALEGO	9
CASTELÁN	3
AMBAS (Galego + Castelán)	7
OUTRA	1 (twi)  1 (Alemán)

Hai que sinalar que se están atendendo as necesidades do alumnado que non domina a lingua vehicular da aula para que iso non repercuta no seu desenvolvemento académico e social.

### ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS:

Tal e como figura no artigo 13 do Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na comunidade autónoma de Galicia, “*Na etapa*



*da Educación Infantil o profesorado empregará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquiera de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa”.*

A maioría do alumnado do noso Centro emprega como lingua materna o galego, por este motivo a actividade diaria desenvólvese nesta lingua, se ben utilízase tamén o castelá de forma paralela nalgunhas actividades para que o alumnado coñeza e adquiera as dúas linguas. Algunhas das actividades que se desenvolven para a aprendizaxe das linguas son:

- Método Doman para a adquisición da lectura (Galego)
- Lectura de contos (Galego e Castelán)
- Busca de información sobre a temática dos proxectos (Galego e Castelán)
- Cancións (Galego e Castelá)

### **VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR**

O curso pasado realizáronse no noso Centro varias actividades orientadas a fomentar e dinamizar a lingua galega. Celebracións de festas tradicionais (Magosto, Samaín, Entroido...), dar a coñecer o noso patrimonio cultural, traballar a figura de Florencio Delgado Gurriarán (Letras Galegas 2022), Semana Cultural, contacontos en galego, etc. Todas estas actividades resultaron moi positivas para o alumnado por canto se lles acercou á cultura galega e lles ofrece a oportunidade de tomar contacto de forma directa coa lingua en todas as súas vertentes: expresión e comprensión oral e escrita.

Varias das actividades programadas non puideron levarse a cabo do modo en que o facemos habitualmente (de xeito presencial, mesturando niveis...) por culpa da pandemia, aínda que valoramos moi positivamente as actividades deseñadas, posto que foron variadas e adaptadas aos diferentes niveis. Tamén buscamos abrírnos ao entorno e implicar a toda a



comunidade educativa, especialmente ás familias. Isto non puido ser de modo presencial, pero si a través das TICs.

## **PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

O proxecto para a participación na Convocatoria que cada ano realiza Política Lingüística está en fase de redacción polo equipo de Dinamización Lingüística. Este ano tratará sobre Inventoras, inventores e inventos, e traballaremos en coordinación coa Biblioteca do Centro e dos outros equipos e departamentos do centro para axuntar esforzos e enriquecer o proxecto. Durante este curso escolar tamén daremos a coñecer a figura e a obra de Francisco Fernández del Riego persoeiro ao que se lle dedican as Letras Galegas no ano 2023. Estas dúas temáticas serán as que vertebran as actividades da Semana Cultural.

Ademais das actividades de investigación e exposición que se realizan durante todo o curso, e nas que participa a totalidade do alumnado do noso Centro, o Equipo de Dinamización Lingüística organiza outras relacionadas co achegamento á cultura e á lingua galega: Celebración de festas (Magosto, Samaín, Entroido, día de Rosalía...), dar a coñecer escritores e escritoras de lingua galega a través de sesións de contacontos, etc.



## **23- PARTICIPACIÓN NO PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E NO SEU CONTORNO:**

Os obxectivos que se perseguen no Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e no seu contorno intentan traballarse dende a formación en valores que se imparte no Centro e, fundamentalmente, céntranse no respecto aos compañeiros, ao profesorado e demais persoal do Centro, á contorna e á igualdade de xénero, co fin de construír unha sociedade tolerante, solidaria e democrática.

Téñense abordado, en colaboración coa Garda Civil, as temáticas sobre Internet e as Redes Sociais. Este curso solicitáronse dúas charlas sobre Acoso Escolar, unha dirixida para ó alumnado de 5º e 6º de Primaria e outra para ás familias e mestres/as.

As dúas charlas impartiranse na Biblioteca do Centro, e a súa duración será de 60-70 minutos aproximadamente, podendo variar en función da participación do alumnado.



## 24- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE E DO AUXILIAR DE CONVERSA

### PROGRAMA PLURILINGÜE

En primeiro lugar, pasamos a detallar a **traxectoria** do noso centro respecto das seccións bilingües e do plurilingüismo.

- Curso 2013/14. Comezamos cunha sección bilingüe en 6º EP.
- Curso 2016/17. Engadimos unha sección bilingüe en 5º EP.
- Curso 2022/23. Incorporámonos á Rede de Centros Plurilingües (1º EP) e ampliamos o número de sección bilingües, incluíndo de 2º a 4º EP. Concedéronnos a Digital Week, semana de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais para 6º EP.
- Do curso 2023/24 ao 2027/2028. Iranse suprimindo as seccións bilingües conforme se vaia implantando o proxecto plurilingüe no noso centro; un curso por ano, comezando por 2º EP e completando o proceso con 6º EP.
- Nun futuro gustaríanos formar parte do Programa Plurininfantil, destinado ao segundo ciclo de Educación Infantil.

Todas as seccións bilingües e o programa plurilingüe corresponden á área de **Educación Plástica e Visual**. Este curso imparte a materia unha mestra de primaria cun nivel B2 de inglés que tamén é titora de 3º EP. A coordinación destes programas corre a cargo da mestra especialista de Inglés, que imparte esta materia en todos os cursos de Infantil e Primaria.

Para asegurar o correcto desenvolvemento dos dous programas, faremos un **seguimento e avaliación** dos mesmos. A avaliación afectará ao proxecto na súa globalidade. Diferenciamos os seguintes tipos de avaliación:

- Avaliación inicial, cunha finalidade diagnóstica.
- Avaliación continua-procesual, cunha finalidade formativa.





- Avaliación final e sumativa.
- Autoavaliación, como forma de reflexionar sobre os propios procesos de ensino-aprendizaxe.

A avaliación enténdese así como un proceso fundamental e de gran utilidade para os/as mestres/as, pois informa das readaptacións e axustes necesarios para orientar axeitadamente as tarefas de acordo coas características e necesidades do noso alumnado. A avaliación retroalimentará a programación non só durante este curso, senón tamén de cara a vindeiros anos académicos.

Avaliarase ao equipo, o desenvolvemento do programa e os resultados obtidos. Isto farase respondendo a un **cuestionario de satisfacción** cunha puntuación do 1 ao 5.

- Existiu coherencia entre o modelo de Sección Bilingüe proposto pola Administración Educativa e o funcionamento real do Programa?
- Acadáronse os obxectivos formulados no Programa?
- Atopou dificultade para converter a lingua estranxeira en lingua vehicular?
- Atopou dificultade para anticipar os contidos lingüísticos que apoian os contidos de área impartida en idioma?
- Atopou dificultade para a selección, adaptación e/ou produción de materiais?
- Melloraron as competencias lingüísticas en lingua estranxeira do alumnado participante?
- Aumentou o nivel de motivación cara á lingua estranxeira do alumnado participante no Programa?

Tal e como prescribe a normativa, a persoa coordinadora do programa, xunto coa mestra de Educación Plástica e Visual, enviará esta información a través do aplicativo Programas Educativos da Consellería.

**Outros aspectos** a avaliar serán:

- Organización e coordinación do equipo.
- Ambiente de traballo e participación.
- Dotación de medios e tempos.
- Valoración das diversas actividades propostas.



- Valoración dos tempos destinados a cada unha das actividades, así como dos materiais empregados.
- Valoración dos procedementos e instrumentos de avaliación das unidades didácticas.

Os obxectivos **lingüísticos** que propoñemos para o noso **alumnado** son:

- Mellorar o nivel de competencia plurilingüe, ao aumentar o tempo de exposición ao inglés e as oportunidades de expresarse nesta lingua.
- Lograr unha maior motivación cara á lingua estranxeira.
- Percibir o inglés como unha lingua vehicular e non só como unha materia máis.
- Mellorar a competencia lingüística nas linguas cooficiais, ao desenvolver a conciencia metalingüística.

Os obxectivos **non lingüísticos** que queremos que o noso **alumnado** acade son:

- Continuar desfrutando dunha materia tan auténtica e creativa como o é a Educación Plástica e Visual.
- Aprender e indagar en aspectos culturais relacionados coa arte e os países de fala inglesa: artistas anglosaxóns, celebracións (Thanksgiving, Christmas, Halloween, Easter, Saint Patrick's Day), correntes artísticas...
- Adquirir os coñecementos mínimos da área.
- Que ao alumnado NEAE acceda aos contidos e poida realizar as tarefas propostas para Educación Plástica, sin que a barreira lingüística da lingua estranxeira lle supoña un impedimento extra.

### AUXILIAR DE CONVERSA

Este curso contaremos cunha auxiliar de conversa de outubro a maio a media xornada, un total de 8 horas semanais. Compartiremos este recurso humano co CEIP Escarabote, que é o seu centro base. Consideramos máis aproveitábel esta organización que a do curso pasado, no que dispuxemos da auxiliar de conversa 16 horas á semana, pero unicamente na segunda metade do curso, de febreiro a maio.



Fundamentalmente a persoa auxiliar traballará apoiando nas seccións bilingües, un total de 6 horas, unha en cada curso de Primaria. As dúas horas restantes apoiará na área de Lingua Inglesa en 5º e 6º EP, fundamentalmente reforzando as destrezas orais (escoita e fala).

A persoa encargada do seguimento e **avaliación** da persoa auxiliar de conversa será a mestra de lingua estranxeira, por ser a coordinadora das seccións bilingües. O seguimento realizarase a través da observación diaria da tarefa do auxiliar e a comunicación coa mestra de Educación Plástica e Visual.

Teranse en conta os seguintes **indicadores**:

- Apoia á mestra titular no desenvolvemento das clases.
- Amosa unha boa disposición cara o traballo de aula e unha actitude axeitada co alumnado.
- Comparte aspectos da súa cultura.
- Propón actividades para que o alumnado desenvolva as súas destrezas orais e comunicativas.
- Colabora na elaboración de materiais didácticos para o seu uso na aula.
- É quen liderar na realización dunha actividade dentro da aula onde a mestra actúa como acompañante.

Valoramos a presenza do/a auxiliar de conversa no centro como un recurso moi aproveitable para todo o alumnado. Podemos dicir incluso que é insustituible; entre outros motivos, polo seu potencial para achegar un contexto sociocultural diferente de xeito auténtico e por xerar no alumnado unha necesidade real de comunicarse na lingua inglesa.

Consideramos **insuficiente** o número de horas coas que contaremos coa auxiliar de conversa, especialmente este ano no que os nenos/as de 1º a 4º EP recibirán Educación Plástica e Visual en inglés por primeira vez. Ademais, levamos moitos reclamando que as crianzas de Infantil poidan beneficiarse deste recurso, como se viña facendo anos atrás. Un curso máis, solicitamos unha mellora neste sentido xa que seguimos sen lograr que se responda á nosa demanda.



## 25- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO:

Ó longo do curso, avaliaranse tres aspectos básicos:

-As infraestruturas,

-o funcionamento, e

-a práctica académica.

- En canto ás infraestruturas, valorarase:

- A prioridade dos investimentos no que lle corresponda ao Centro. (Están contemplados na proposta de previsión de gastos).

- As necesidades que deban ser asumidas por outros entes –Xefatura Provincial e/ou Concello-.

Continuaremos solicitando á Xefatura Territorial a reparación da pista deportiva situada ó lado do pavillón, xa que as raíces das árbores levantaron o piso e atópase cun desnivel de varios centímetros que resulta perigoso para o alumnado. Estas mesmas raíces están rompendo o muro que cerca ó colexio por esa zona, polo que haberá que valorar tamén a súa reparación.

Ó Concello seguiremoslle insistindo en determinadas actuacións de mantemento que se lle teñen solicitado.

E, a quen corresponda, demandamos reposición de material informático, por canto o que se enviou no seu día vai quedando obsoleto. Hai que dicir que se lle teñen solicitado á UAC equipos informáticos e seguiremos coas solicitudes nesta liña.



- En canto ao funcionamento:

Avaliarase o cumprimento dos acordos aos que se chegou a nivel de Claustro –xuntanzas, cumprimento de normas, traballo de equipo-, acordos que están enfocados a acadar os obxectivos que se pretenden nesta Programación e nas correspondentes programacións de ciclo e niveis. Farase unha primeira valoración trimestralmente e unha avaliación máis profunda ó rematar o curso.

- En canto á práctica docente, o profesorado avaliará o Plan de acción tutorial:

- A adecuación dos obxectivos, , contidos e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado.

-As aprendizaxes acadadas polo alumnado.

-As medidas de atención á diversidade aplicadas.

- A programación e o seu desenvolvemento

-A organización da aula.

-O aproveitamento dos recursos.

- Os procedementos e criterios de avaliación

-A coordinación entre o profesorado.

### **AVALIACIÓN DA PXA**

A avaliación do Plan Xeral Anual debe de ser unha tarefa de todos os que intervimos na súa elaboración e desenvolvemento. A avaliación será formativa e se estruturará en avaliación inicial, avaliación continua e avaliación final.

**AVALIACIÓN INICIAL:** Partirá da análise do curso anterior, recollendo as propostas de mellora reflectidas na Memoria Anual do curso pasado.



**AVALIACIÓN CONTINUA:** Recollerase a información que xurda nas reunións do D.O. e nas coordinacións dos diferentes niveis sobre a adecuación dos obxectivos, a efectividade na organización dos apoios e das outras medidas de atención á diversidade, a idoneidade das actividades realizadas, así como a súa temporalización e a metodoloxía empregada... Referímonos con isto a unha avaliación a curto prazo, que permita un feedback para poder realizar as modificacións oportunas e contribuír deste xeito a establecer melloras progresivas ó longo do curso.

**AVALIACIÓN FINAL:** Elaboración das memorias por parte dos titores e dos especialistas, nas que se analice de forma máis minuciosa todo o proceso de ensino-aprendizaxe, sendo outra vez o punto de partida para facer a avaliación inicial do curso escolar seguinte.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** Para establecer os criterios de avaliación analizarase a adecuación dos seguintes items:

- ✓ Idoneidade dos obxectivos.
- ✓ Adecuación das medidas a desenvolver para a súa consecución.
- ✓ Adecuación da cantidade e calidade das actividades propostas a nivel de Centro.
- ✓ Adecuación da organización metodolóxica e temporal de ditas actividades.
- ✓ Nivel de participación e implicación do alumnado nas actividades propostas.
- ✓ Adecuación das estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ó alumnado NEAE.
- ✓ Análise do rendemento escolar e o desenvolvemento persoal do alumnado.
- ✓ Efectividade das relacións coas familias.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:** Serán variados, entre outros:

- ✓ Rexistro das intervencións levadas a cabo polo profesorado de PT e AL.
- ✓ Memorias finais dos diferentes niveis realizadas polos titores e especialistas.



- ✓ Memoria do D.O.
- ✓ Cuestionario de avaliación sobre a propia práctica docente, realizado por todo o profesorado do Centro.
- ✓ Cuestionarios de avaliación enviados ás familias sobre o seu grao de satisfacción sobre o Centro.
- ✓ Rexistro de cumprimento dos obxectivos da PXA.

<b>REXISTRO DE AVALIACIÓN DA PXA</b>		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SI	NON
- Mellorouse a coordinación con todo o equipo docente que traballa en cada nivel.		
- Mellorouse a coordinación entre o Equipo de biblioteca e as titorías.		
- Organizáronse dende principio de curso as actividades que se realizan a nivel de Centro co alumnado de todos os niveis.		
- Desenvolveuse o PDI.		
- Déuselle continuidade ás actividades de identidade do Centro.		
- Implementouse a Radio Escolar		
- Continuouse coas actividades dinamizadoras da Biblioteca		
- Aumentouse o uso da biblioteca escolar dende as titorías como lugar de investigación.		
- Organizáronse as lecturas obrigatorias dende principio de curso.		
- Sensibilizouse a toda a Comunidade Educativa da importancia de manter limpo e respectar a contorna do noso colexio.		
- Potenciouse un bo clima de convivencia e traballo no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa		



- Implicouse ás nais/pais no proceso educativo dos seus fillos/as, así como na dinámica xeral de Centro.		
- Ofreceuse formación TAC ás familias.		
- Déronselle a alumnado técnicas de estudo dende (polo menos) 3º EP		
- Apoiouse a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio.		
- Dende o DO déronse pautas por escrito ao profesorado sobre o alumndo que recibe un diagnóstico NEAE.		
- Dinamizáronse os recreos para facer os patios máis inclusivos.		
- Realizouse un seguimento individualizado do IMC en alumnado que superen un 25.		
- Desenvolveuse o Plan de Acción Titorial		
- Apoiouse a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio todos aqueles que o precisaron.		
- Reforzouse e afondouse en medidas que favorezan a mellora da lecto-escritura, o cálculo e a expresión oral.		
- Actualizáronse os Documentos do Centro.		
- Promoveuse a Innovación Educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TICS e fomentouse o uso destas ferramentas; e mellorouse o funcionamento dos equipos, así como o seu uso.		
- Mellorouse a dotación de material e equipamentos do Centro, así como o coidado e bo funcionamento dos espazos comúns (biblioteca, aula de informática, aula de audiovisuais, comedor e aula de plástica)		
- Atendeuse ás necesidades do Centro e melloráronse as deficiencias que presentan algunhas instalacións.		
- Facilitouse e potenciouse a formación do profesorado.		
- Apoiouse e dinamizouse o funcionamento da AFA.		





- Establecéronse canles comunicativos entre a Comunidade Educativa e a Administración (Concello, Consellería).		
- Desenvolveuse o PFPP nas tres liñas propostas: Plan Dixital, Biblioteca e Matemáticas OAOA.		
- Leváronse a cabo as actividades propostas para os distintos Contratos Programa: CP-Inclúe (Iguala-T, Inclúe-T, Convive-T e Emociona-T), CP-Innova (EduSaúde. EDUsostibilidade, EDUcalidade. , EDUExcelencia, EDUinnova) e PROA+		

Todos os aspectos recollidos con estes instrumentos se reflectirán na Memoria Anual e servirán como punto de partida para elaborar a PXA do próximo curso académico, permitindo así a retroalimentación do proceso de ensino-aprendizaxe.